escrito presentado xa que a alegación formulada polo Grupo Popular non se limita a unha cuestión formal, senón que se abordan aspectos como a información que debe recibir a persoa usuaria, o equilibrio entre deberes e garantías na prestación do servizo, a dotación e coordinación do persoal técnico e tamén a regulación da capacidade económica e do copagamento, cuestións que merecen ser debatidas. Facémolo, polo tanto, por responsabilidade institucional, polo respecto ó debate e tamén porque queremos que a discusión se produza precisamente sobre o fondo das cuestións formuladas. Entendemos, ademais, que o Grupo Popular presenta estas alegacións coa vontade de poñer enriba da mesa cuestións que consideran relevantes para a mellora do servizo e teño que dicir que lido o escrito hai reflexións e preocupacións que mesmo poden ser compartidas por esta concelleira, por este Goberno, no plano político e mesmo no plano da preocupación social, pero unha cousa é recoñecer que existen debates de fondo sobre o SAF e outra moi distinta é negar a necesidade dunha ordenanza, e o Grupo Popular xa o fixo votando en contra deste texto no pleno inicial.

*escrito presentado ya que la alegación formulada por el Grupo Popular no se limita a una cuestión formal, sino que se abordan aspectos como la información que debe recibir la persona usuaria, el equilibrio entre deberes y garantías en la prestación del servicio, la dotación y coordinación del personal técnico y también la regulación de la capacidad económica y del copago, cuestiones que merecen ser debatidas. Lo hacemos, por lo tanto, por responsabilidad institucional, por el respecto al debate y también porque queremos que la discusión se produzca precisamente sobre el fondo de las cuestiones formuladas. Entendemos, además, que el Grupo Popular presenta estas alegaciones con la voluntad de poner encima de la mesa cuestiones que consideran relevantes para el avance del servicio y tengo que decir que leído el escrito hay reflexiones y preocupaciones que incluso pueden ser compartidas por esta concejala, por este Gobierno, en el plano político e incluso en el plano de la preocupación social, pero una cosa es reconocer que existen debates de fondo sobre el SAF y otra muy distinta es negar la necesidad de una ordenanza, y el Grupo Popular ya lo hizo votando en contra de este texto en el pleno inicial.*

Contextualizada a situación e nese marco, traemos este asunto, polo tanto, a pleno e nada máis pola miña parte nesta primeira intervención.

*Contextualizada la situación y en ese marco, traemos este asunto, por lo tanto, a pleno y nada más por mi parte en esta primera intervención.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Canosa. Comezamos o turno de debate de catro minutos polo Grupo municipal do BNG. Señor Soto, ten a palabra.

*Muchas gracias, señora Canosa. Comenzamos el turno de debate de cuatro minutos por el Grupo municipal del BNG. Señor Soto, tiene la palabra.*

**Ás dez horas e trinta minutos entra no Salón de Sesións o señor San Claudio Yáñez e sae o señor Castro Prado.**

***A las diez horas y treinta minutos entra en el Salón de Sesiones el señor San Claudio Yáñez y sale el señor Castro Prado.***

**Señor Soto Díaz**

***Señor Soto Díaz***

Grazas, señora alcaldesa. Quería comezar, como adoitamos facer, por saudar as persoas que nos seguen tanto presencialmente como en *streaming*, os compañeiros e compañeiras de Corporación e o funcionariado e persoal laboral deste concello que hoxe nos acompaña. Ben.

*Gracias, señora alcaldesa. Quería comenzar, como solemos hacer, por saludar a las personas que nos siguen tanto presencialmente como en directo, a los compañeros y compañeras de Corporación y al funcionariado y personal laboral de este ayuntamiento que hoy nos acompaña. Bien.*

Nós estamos a favor de admitir a trámite as emendas. Consideramos que se os prazos non están claros hai que favorecer sempre a posibilidade de impugnar. Agora ben, antes de comentar o contido cremos que é necesario explicar como funciona o servizo de axuda no fogar. Este servizo está pensado para a atención a persoas dependentes e ben formulado permitiría aumentar a autonomía das súas beneficiarias e dos seus beneficiarios. Como todo servizo social, o seu financiamento e execución é competencia autonómica, pero con certas peculiaridades. Por unha banda, a Administración xeral do Estado debe financiar parte dos gastos e o certo é que non o está facendo. Por outra banda, son os concellos en Galiza quen prestan este servizo e isto fíxose así porque no seu día esta solución permitiu unha implantación rápida xa que a Xunta carecía dos medios materiais para poder..., persoais —perdón— para poder impulsar o servizo, pero os concellos non deben en ningún caso asumir o financiamento deste servizo, como pretende a Xunta. Non deben facelo porque non teñen a competencia para facelo e como non teñen a competencia para facelo tampouco teñen a solvencia, a capacidade financeira para facelo. Así, o que consegue a Xunta trasladando o financiamento do servizo de axuda no fogar ós concellos é asfixialos economicamente e que non teñan diñeiro en moitos casos para facer fronte a outros gastos que si son da súa competencia.

*Nosotros estamos a favor de admitir a trámite las enmiendas. Consideramos que si los plazos no están claros hay que favorecer siempre la posibilidad de impugnar. Ahora bien, antes de comentar el contenido creemos que es necesario explicar cómo funciona el servicio de ayuda en el hogar. Este servicio está pensado para la atención a personas dependientes y bien formulado permitiría aumentar la autonomía de sus beneficiarias y de sus beneficiarios. Como todo servicio social, su financiación y ejecución es competencia autonómica, pero con ciertas peculiaridades. Por una parte, la Administración general del Estado debe financiar parte de los gastos y lo cierto es que no lo está haciendo. Por otra parte, son los ayuntamientos en Galicia quienes prestan este servicio y esto se hizo así porque en su día esta solución permitió una implantación rápida ya que la Xunta carecía de los medios materiales para poder..., personales —perdón— para poder impulsar el servicio, pero los ayuntamientos no deben en ningún caso asumir la financiación de este servicio, como pretende la Xunta. No deben hacerlo porque no tienen la competencia para hacerlo y como no tienen la competencia para hacerlo tampoco tienen la solvencia, la capacidad financiera para hacerlo. Así, lo que consigue la Xunta trasladando la financiación del servicio de ayuda en el hogar a los ayuntamientos es asfixiarlos económicamente y que no tengan dinero en muchos casos para hacer frente a otros gastos que sí son de su competencia.*

Esta situación é indesexable. Para nós, este servizo debería financiarse e prestarse a través dun servizo galego da dependencia, un servizo composto por persoal funcionario ou laboral dependente sempre da Xunta de Galiza con medios materiais e económicos suficientes, pero para iso faría falla ambición, unha ambición da que o PP en Galiza carece.

*Esta situación es indeseable. Para nosotros, este servicio debería financiarse y prestarse a través de un servicio gallego de la dependencia, un servicio compuesto por personal funcionario o laboral dependiente siempre de la Xunta de Galicia con medios materiales y económicos suficientes, pero para eso haría falta ambición, una ambición de la que el PP en Galicia carece.*

En troques diso, o PP presenta unhas emendas á Ordenanza do SAF da Coruña. Do contido das emendas simplemente resumiremos: o PP quere amosar na oposición a sensibilidade que non ten no Goberno. O PP da Coruña debería presentar estas emendas, non nos órganos do Pleno, senón nos órganos internos do seu partido para que o PP da Galiza tomase as rendas do asunto. Así, se o PP está a favor da progresividade, é dicir, de que pague máis quen máis ten e menos quen menos ten, debe poñelo en práctica permitíndoo na regulación da Xunta.

*A cambio de eso, el PP presenta unas enmiendas a la Ordenanza del SAF de A Coruña. Del contenido de las enmiendas simplemente resumiremos: el PP quiere mostrar en la oposición la sensibilidad que no tiene en el Gobierno. El PP de A Coruña debería presentar estas enmiendas, no en los órganos del Pleno, sino en los órganos internos de su partido para que el PP de Galicia tomara las riendas del asunto. Así, si el PP está a favor de la progresividad, es decir, de que pague más quien más tiene y menos quien menos tiene, debe ponerlo en práctica permitiéndolo en la regulación de la Xunta.*

Que é o que temos aquí? Pois que as propostas para que a Ordenanza do SAF regulase unhas taxas máis xustas foron tiradas por terra, non polo Goberno do PSOE, non pola maioría progresista do Pleno, senón pola lexislación da Xunta e pola Inspección de Servizos Sociais do señor Rueda. Sabémolo porque nós tamén propuxemos medidas, unha serie de medidas moito máis ambiciosas, por certo, que as que trae hoxe o Partido Popular, e ese foi o problema co que nos atopamos. Nós propuxemos máis progresividade.

*¿Qué es lo que tenemos aquí? Pues que las propuestas para que la Ordenanza del SAF regulara unas tasas más justas fueron tiradas por tierra, no por el Gobierno del PSOE, no por la mayoría progresista del Pleno, sino por la legislación de la Xunta y por la Inspección de Servicios Sociales del señor Rueda. Lo sabemos porque nosotros también propusimos medidas, una serie de medidas mucho más ambiciosas, por cierto, que las que trae hoy el Partido Popular, y ese fue el problema con el que nos encontramos. Nosotros propusimos más progresividad.*

Mirade, hai unha parte fundamental desta ordenanza que é cando se regula o copago. No copago, sempre que hai progresividade temos que diferenciar entre diversos tramos de renda e a partir de aí establecer, pois unha cantidade de pagamento. Cantos máis tramos haxa e

*Mirad, hay una parte fundamental de esta ordenanza que es cuando se regula el copago. En el copago, siempre que hay progresividad tenemos que diferenciar entre diversos tramos de renta y a partir de ahí establecer, pues una cantidad de pago. Cuantos más tramos haya y cuanto menos*

canto menos sexa o salto entre tramos, máis progresivo van ser esas taxas. Iso foi o que nós propuxemos, propuxemos un maior umbral de exención, propuxemos tamén un aumento máis moderado das contías e propuxemos máis tramos e isto non foi, nada disto foi posible por causa da Inspección de Servizos Sociais da Xunta. Tamén propuxemos unha rebaixa no custo dos servizos auxiliares que tampouco foi posible pola mesma razón.

*sea el salto entre tramos, más progresivo van a ser esas tasas. Eso fue lo que nosotros propusimos, propusimos un mayor umbral de exención, propusimos también un aumento más moderado de las cuantías y propusimos más tramos y esto no fue, nada de esto fue posible por causa de la Inspección de Servicios Sociales de la Xunta. También propusimos una rebaja en el coste de los servicios auxiliares que tampoco fue posible por la misma razón.*

O PP nas súas alegacións non aborda iso, non propón iso, que sería, como digo, o máis xusto, senón que o que propón é non computar a renda da unidade familiar. Isto, como ben saben, só soluciona algúns problemas, pero segue sen ser xusto porque deixa problemas, moitos problemas sen abordar e, evidentemente, se paga o mesmo unha familia onde ingresan diñeiro catro persoas, que o mesmo que unha familia na que só ingresa diñeiro unha persoa, iso segue sendo inxusto. Ademais esa solución, dende o noso punto de vista, non garante, mellor dito, bota por terra totalmente a seguridade xurídica mínima que debería ter unha **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** normativa municipal —vou rematando—.

*El PP en sus alegaciones no aborda eso, no propone eso, que sería, como digo, lo más justo, sino que lo que propone es no computar la renta de la unidad familiar. Esto, como bien saben, solo soluciona algunos problemas, pero sigue sin ser justo porque deja problemas, muchos problemas sin abordar y, evidentemente, si paga lo mismo una familia donde ingresan dinero cuatro personas, que al igual que una familia en la que solo ingresa dinero una persona, eso sigue siendo injusto. Además esa solución, desde nuestro punto de vista, no garantiza, mejor dicho, echa por tierra totalmente la seguridad jurídica mínima que debería tener una* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *normativa municipal —voy terminando—.*

Estas alegacións do PP, en fin, son tomarlle o pelo á xente. Se de verdade queren vostedes que o servizo de axuda no fogar sexa máis xusto e pague máis quen máis ten e menos quen menos ten, teñan vostedes a valentía de enfrontarse cos seus compañeiros da Xunta, que son os responsables desta situación actual inxusta. Nós, evidentemente, aspirabamos e aspiramos a outra ordenanza, unha ordenanza que se nos permita redactar con maior autonomía, que nos permita impoñer **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** garantías para as persoas traballadoras...

*Estas alegaciones del PP, en fin, son tomarle el pelo a la gente. Si de verdad quieren ustedes que el servicio de ayuda en el hogar sea más justo y pague más quien más tiene y menos quien menos tiene, tengan ustedes la valentía de enfrentarse con sus compañeros de la Xunta, que son los responsables de esta situación actual injusta. Nosotros, evidentemente, aspirábamos y aspiramos a otra ordenanza, una ordenanza que se nos permita redactar con mayor autonomía, que nos permita imponer* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *garantías para las personas*

*trabajadoras...*

**Presidencia**

Rematou o turno, señor Soto.

**Señor Soto Díaz**

...algo que esquece por completo...

**Presidencia**

Moitas grazas. Turno para o Partido Popular, señora López.

**Señora López Sánchez**

Grazas, alcaldesa. Bo día a todos e a todas.

Traen hoxe aquí a votación a aprobación dunha ordenanza de regulación do servizo de axuda no fogar, un servizo fundamental para que persoas en situación de dependencia, persoas maiores ou persoas con discapacidade, poidan continuar vivindo nos seus domicilios con dignidade e autonomía. É, por tanto, un servizo que ten que ser regulado dende a responsabilidade, dende o compromiso político.

Nós traemos aquí alegacións, alegacións construtivas que xa, no que vén sendo unha sorte de tradición, vostedes desestimaron na súa totalidade. E por certo, donde estaba neste asunto o BNG? Nin estaba nin se lle esperaba.

Na alegación número un, o usuario, nós dicimos que o usuario deberá comprender e estar perfectamente informado do plan de atención individual, dos dereitos, dos deberes e obrigas, das causas de suspensión e da modificación do servizo. Vostedes responden que existe xa esa obriga, a obriga de facilitarlle unha copia do seu plan de atención e tamén unha copia da Ordenanza municipal

***Presidencia***

*Terminó el turno, señor Soto.*

***Señor Soto Díaz***

*...algo que olvida por completo...*

***Presidencia***

*Muchas gracias. Turno para el Partido Popular, señora López.*

***Señora López Sánchez***

*Gracias, alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.*

*Traen hoy aquí a votación la aprobación de una ordenanza de regulación del servicio de ayuda en el hogar, un servicio fundamental para que personas en situación de dependencia, personas mayores o personas con discapacidad, puedan continuar viviendo en sus domicilios con dignidad y autonomía. Es, por tanto, un servicio que tiene que ser regulado desde la responsabilidad, desde el compromiso político.*

*Nosotros traemos aquí alegaciones, alegaciones constructivas que ya, en lo que viene siendo una suerte de tradición, ustedes desestimaron en su totalidad. Y por cierto, ¿dónde estaba en este asunto el BNG? Ni estaba ni si le esperaba.*

*En la alegación número uno, el usuario, nosotros decimos que el usuario deberá comprender y estar perfectamente informado del plan de atención individual, de los derechos, de los deberes y obligaciones, de las causas de suspensión y de la modificación del servicio. Ustedes responden que existe ya esa obligación, la obligación de facilitarle una copia de su plan de atención y también una copia de la*

preferiblemente por medios telemáticos. Nós consideramos que iso non é suficiente, hai que dar unha información clara, hai que dar unha información comprensible e suficiente e sempre nunha linguaxe accesible, unha linguaxe que se adapte ás características individuais, culturais e cognitivas de cada persoa para garantir a transparencia, os dereitos e a autonomía dos usuarios a decidir sobre o seu propio coidado.

**Ás dez horas e trinta e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Castro Prado.**

Na alegación número dous, nós sinalamos que cómpre, aínda que a Ordenanza regula con detalle as obrigas das persoas usuarias, non se incorporan garantías equivalentes respecto á prestación efectiva do servizo. Vostedes respostan a esta alegación... Vostedes dan unha resposta realmente inconclusa que unicamente fai referencia ás horas de prestación do servicio. Miren, nós imos moito máis aló, nós falamos de que fronte ós deberes e as obrigas que teñen os usuarios do SAF, que deben de cumplir relixiosamente se non queren que se suspenda o servizo, esto non lles garante en absoluto a calidade na prestación do servicio porque existen unha serie de regras que se seguen a incumprir de xeito flagrante, e vou mencionar algúns incumprimentos: non se presta unha formación axeitada ás traballadoras; non se respectan os horarios das quendas; non se aportan as axudas técnicas necesarias; non existe un rexistro de incidencias; nos cambios de horario non prima a vontade da persoa; falla a comunicación ós usuarios e ás familias do proxecto de intervención individual e das modificacións deste proxecto e ó final sitúase o usuario nunha clara posición de indefensión, unha clara posición de indefensión que a Ordenanza non aborda

*Ordenanza municipal preferiblemente por medios telemáticos. Nosotros consideramos que eso no es suficiente, hay que dar una información clara, hay que dar una información comprensible y suficiente y siempre en un lenguaje accesible, un lenguaje que se adapte a las características individuales, culturales y cognitivas de cada persona para garantizar la transparencia, los derechos y la autonomía de los usuarios a decidir sobre su propio cuidado.*

***A las diez horas y treinta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Castro Prado.***

*En la alegación número dos, nosotros señalamos que procede, aunque la Ordenanza regula con detalle las obligaciones de las personas usuarias, no se incorporan garantías equivalentes respecto a la prestación efectiva del servicio. Ustedes responden a esta alegación... Ustedes dan una respuesta realmente inconclusa que únicamente hace referencia a las horas de prestación del servicio. Miren, nosotros vamos mucho más allá, nosotros hablamos de que frente a los deberes y las obligaciones que tienen los usuarios del SAF, que deben cumplir religiosamente si no quieren que se suspenda el servicio, esto no les garantiza en absoluto la calidad en la prestación del servicio porque existen una serie de reglas que se siguen incumpliendo de manera flagrante, y voy a mencionar algunos incumplimientos: no se presta una formación adecuada a las trabajadoras; no se respetan los horarios de los turnos; no se aportan las ayudas técnicas necesarias; no existe un registro de incidencias; en los cambios de horario no prima la voluntad de la persona; falta la comunicación a los usuarios y a las familias del proyecto de intervención individual y de las modificaciones de este proyecto y al final se sitúa el usuario en una clara posición de indefensión, una*

en absoluto.

Na nosa terceira alegación falamos de que existen dificultades estruturais para cubrir tódalas horas autorizadas debido á insuficiencia de persoal de coordinación dispoñible e vostedes respostan que a Ordenanza reproduce o mínimo autonómico exixible. Miren, eso é certo, pero é que a coordinación neste momento non se pode permitir cinguirse soamente ó mínimo exixible porque existen graves problemas de coordinación, de supervisión e de xestión que fan que o 12 % das horas que financia a Xunta non sexan empregadas, sexan desperdiciadas, que fan que só sexan atendidas o 30 % das persoas que solicitan ese servicio, situando a cidade da Coruña como un dos peores concellos a respecto deste asunto, que fan que haxa unha lista de agarda de preto de 1.200 persoas. E vostedes no xornal *A Opinión* a 21 de marzo dicían, cito textualmente: *o Concello asegura adoptar medidas de mellora organizativas para optimizar a execución das horas dispoñibles e reducir os tempos de incorporación.* E eu preguntolle, señora Canosa: que medidas organizativas reflicte esta ordenanza? Porque non aparecen por ningures.

E a última alegación que presentamos, nela falamos de que preocupa que por primeira vez se modifique o cálculo da capacidade económica. A esta alegación vostedes respostan que para o SAF de libre concorrencia a determinación da capacidade económica vén recollida no artigo 60 do Decreto 99/2012, pero como vostedes comprenderán esta actualización faise no peor dos momentos, un momento de crise económica, de suba de prezos, cun perfil socioeconómico dos usuarios onde a maioría teñen máis de 80 anos, con pensións **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de**

*clara posición de indefensión que la Ordenanza no aborda en absoluto.*

*En nuestra tercera alegación hablamos de que existen dificultades estructurales para cubrir todas las horas autorizadas debido a la insuficiencia de personal de coordinación disponible y ustedes responden que la Ordenanza reproduce el mínimo autonómico exigible. Miren, eso es cierto, pero es que la coordinación hoy en este momento no se puede permitir ceñirse solamente al mínimo exigible porque existen graves problemas de coordinación, de supervisión y de gestión que hacen que el 12% de las horas que financia la Xunta no sean empleadas, sean desperdiciadas, que hacen que solo sean atendidas el 30% de las personas que solicitan ese servicio, situando a la ciudad de A Coruña como uno de los peores ayuntamientos respecto a este asunto, que hacen que haya una lista de espera de cerca de 1.200 personas. Y ustedes en el periódico La Opinión a 21 de marzo decían, cito textualmente:* el Ayuntamiento asegura adoptar medidas de mejora organizativas para optimizar la ejecución de las horas disponibles y reducir los tiempos de incorporación. *Y yo le pregunto, señora Canosa: ¿qué medidas organizativas refleja esta ordenanza? Porque no aparecen por ninguna parte.*

*Y la última alegación que presentamos, en ella hablamos de que preocupa que por primera vez se modifique el cálculo de la capacidad económica. A esta alegación ustedes responden que para el SAF de libre concurrencia la determinación de la capacidad económica viene recogida en el artículo 60 del Decreto 99/2012, pero como ustedes comprenderán esta actualización se hace en el peor de los momentos, un momento de crisis económica, de subida de precios, con un perfil socioeconómico de los usuarios donde la mayoría tienen más de 80 años, con pensiones* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de***

**intervención)** baixas e pensións medias na maior parte dos casos. Vai afectar a súa decisión a 600 familias. Semella que vostedes queren que sexan os usuarios de SAF o que axuden a tapar o enorme burato económico que vimos de saber que ten o Concello.

Nós avogamos por unha avaliación da capacidade económica máis personalizada, que non entre en conflito co artigo que vostedes mencionan, máis flexible, axustada ás necesidades do usuario, como en Vigo ou en Ourense. Vostedes, estando en vigor o Decreto 2012, exixíanlle **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** (...) do Partido Popular do...

**Presidencia**

Moitas grazas, señora López, rematou o seu turno. Señora Canosa, ten a palabra.

**Señora Canosa Domínguez**

Grazas, señora alcaldesa. Grazas, señor Soto, señora López.

Vou a entrar especificamente no contido. En relación á primeira alegación que fan, relativa ó artigo 10, di que a persoa usuaria debería estar perfectamente informada, non só do seu plan de atención individual, senón tamén dos seus deberes e obrigas, e das causas de suspensión, modificación ou extinción do servizo, pero é que esa crítica non identifica ningún baleiro real da Ordenanza, esa información, como ben vostede dicía, está recollida no artigo 10.10 que garante a copia do plan de atención individual e do acordo de prestación e no artigo 22.4, que establece que ó inicio do servizo se poñerá a disposición das persoas usuarias a Ordenanza e o documento coas tarefas a desenvolver no domicilio, e non só as persoas teñen esa información a través de

***intervención)*** *bajas y pensiones medias en la mayor parte de los casos. Va a afectar su decisión a 600 familias. Parece que ustedes quieren que sean los usuarios de SAF el que ayuden a tapar el enorme agujero económico que acabamos de saber que tiene el Ayuntamiento.*

*Nosotros abogamos por una evaluación de la capacidad económica más personalizada, que no entre en conflicto con el artículo que ustedes mencionan, más flexible, ajustada a las necesidades del usuario, como en Vigo o en Ourense. Ustedes, estando en vigor el Decreto 2012, le exigían* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *(...) del Partido Popular del...*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora López, terminó su turno. Señora Canosa, tiene la palabra.*

***Señora Canosa Domínguez***

*Gracias, señora alcaldesa. Gracias, señor Soto, señora López.*

*Voy a entrar específicamente en el contenido. En relación a la primera que hacen, relativa al artículo 10, dice que la persona usuaria debería estar perfectamente informada, no solo de su plan de atención individual, sino también de sus deberes y obligaciones, y de las causas de suspensión, modificación o extinción del servicio, pero es que esa crítica no identifica ningún vacío real de la Ordenanza, esa información, como bien usted decía, está recogida en el artículo 10.10 que garantiza la copia del plan de atención individual y del acuerdo de prestación y en el artículo 22.4, que establece que al inicio del servicio se pondrá a disposición de las personas usuarias la Ordenanza y el documento con las tareas a desarrollar en el domicilio, y*

algo telemático, señora López, tamén as traballadoras sociais explican ese plan de intervención. Polo tanto, aquí non hai ningunha insuficiencia xurídica no texto.

*no solo las personas tienen esa información a través de algo telemático, señora López, también las trabajadoras sociales explican ese plan de intervención. Por lo tanto, aquí no hay ninguna insuficiencia jurídica en el texto.*

En segundo lugar, respecto á alegación relativa ó artigo 13, nós o que percibimos foi certa confusión, xa que o artigo 13 regula as formas de prestación do servizo, non os deberes das persoas usuarias. A alegación fala dun suposto desequilibrio entre deberes e garantías, pero a cobertura das horas e a intensidade do servizo están reguladas no artigo 23 e a dotación mínima de persoal no artigo 14. Polo tanto, aquí non hai un fallo ou unha falla normativa, pode ser unha discrepancia política.

*En segundo lugar, respecto a la alegación relativa al artículo 13, nosotros lo que percibimos fue cierta confusión, ya que el artículo 13 regula las formas de prestación del servicio, no los deberes de las personas usuarias. La alegación habla de un supuesto desequilibrio entre deberes y garantías, pero la cobertura de las horas y la intensidad del servicio están reguladas en el artículo 23 y la dotación mínima de personal en el artículo 14. Por lo tanto, aquí no hay un fallo o una falta normativa, puede ser una discrepancia política.*

En terceiro lugar, sobre o artigo 14, a ratio de persoal coordinador, vostedes din expresamente que a ratio de persoal técnico encargado da coordinación non debería ser inferior a un profesional por cada 80 persoas. Me parece ben que vostede recoñeceu que esto non é algo que nos inventemos, senón que reproduce a normativa autonómica. Cando o Partido Popular cuestiona ese punto, evidentemente está cuestionando o mínimo fixado pola Xunta, pero é que ademais este goberno leva máis de tres anos superando eses mínimos. O que o PP di botar en falta é que a ratio é un cada 80 e nós estamos executando —non diga que non—, estamos executando ese servizo cunha ratio máis próxima a un cada 65 e esto é así, esto é así, e non se regula nunha ordenanza, senón eso é melloras a través dos contratos, que mezclou aí varias cousas, como a formación das traballadoras, que tamén estará recollido no contrato do servizo de axuda no fogar, por certo.

*En tercer lugar, sobre el artículo 14, la ratio de personal coordinador, ustedes dicen expresamente que la ratio de personal técnico encargado de la coordinación no debería ser inferior a un profesional por cada 80 personas. Me parece bien que usted reconoció que esto no es algo que nos inventemos, sino que reproduce la normativa autonómica. Cuando el Partido Popular cuestiona ese punto, evidentemente está cuestionando el mínimo fijado por la Xunta, pero es que además este gobierno lleva más de tres años superando esos mínimos. Lo que el PP dice echar en falta es que la ratio es uno cada 80 y nosotros estamos ejecutando —no diga que no—, estamos ejecutando ese servicio con una ratio más próxima a uno cada 65 y esto es así, esto es así, y no se regula en una ordenanza, sino eso es mejoras a través de los contratos, que mezcló ahí varias cosas, como la formación de las trabajadoras, que también estará recogido en el contrato del servicio de ayuda en el hogar, por cierto.*

E o punto central que seguramente é o que mellor define a súa contradición, a

*Y el punto central que seguramente es el que mejor define su contradicción, la*

contradición do Partido Popular e que xa poñía enriba da mesa o señor Soto, son os artigos 25 e 26, o que fai referencia á capacidade económica, unidade de convivencia e o patrimonio de copagamento. A alegación presentada di que lles preocupa —por primeira vez— que se adapte o cálculo da capacidade económica ós criterios do artigo 60 do Decreto 99/2012, ampliando as persoas computables á totalidade da unidade familiar e incorporando tamén o patrimonio. Engade ademais a crítica que a maior grao de dependencia, maior sexa esa porcentaxe de copago. Pois ben, no SAF de libre concorrencia, o que recolle a Ordenanza é literalmente o criterio do artigo 60 dese decreto e no SAF dependencia a capacidade económica non a calcula o Concello, vén determinada pola Administración autonómica e reflíctese no correspondente plan individual de atención conforme ó Decreto 149/2013. Polo tanto, aquí estamos diante dunha... Non estamos ante unha decisión discrecional do Concello, senón a traslación ó texto municipal do marco normativo autonómico aplicable.

*contradicción del Partido Popular y que ya ponía encima de la mesa el señor Soto, son los artículos 25 y 26, el que hace referencia a la capacidad económica, unidad de convivencia y el patrimonio de copago. La alegación presentada dice que les preocupa —por primera vez— que se adapte el cálculo de la capacidad económica a los criterios del artículo 60 del Decreto 99/2012, ampliando las personas computables a la totalidad de la unidad familiar e incorporando también el patrimonio. Añade además la crítica que a mayor grado de dependencia, mayor sea ese porcentaje de copago. Pues bien, en el SAF de libre concurrencia, lo que recoge la Ordenanza es literalmente el criterio del artículo 60 de ese decreto y en el SAF dependencia la capacidad económica no la calcula el Ayuntamiento, viene determinada por la Administración autonómica y se refleja en el correspondiente plan individual de atención conforme al Decreto 149/2013. Por lo tanto, aquí estamos ante una... No estamos ante una decisión discrecional del Ayuntamiento, sino la traslación al texto municipal del marco normativo autonómico aplicable.*

É curioso escoitar falar ó Partido Popular de inxustiza no sistema de copagamento. Como dixen na miña primeira intervención, podo compartir o malestar do Grupo Popular, a min tampouco me parece xusto que o sistema de dependencia que é o que vostedes marcaron na Xunta de Galicia, pero precisamente por iso convén dicir as cousas como son. Se consideran que ese modelo **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —e remato— fai recaer máis esforzo económico sobre quen ten maior necesidade de apoio, entón están cuestionando o seu sistema da Xunta de Galicia.

*Es curioso escuchar hablar al Partido Popular de injusticia en el sistema de copago. Como dije en mi primera intervención, puedo compartir el malestar del Grupo Popular, a mí tampoco me parece justo que el sistema de dependencia que es el que ustedes marcaron en la Xunta de Galicia, pero precisamente por ello conviene decir las cosas como son. Si consideran que ese modelo* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y termino— hace recaer más esfuerzo económico sobre quien tiene mayor necesidad de apoyo, entonces están cuestionando su sistema de la Xunta de Galicia.*

En definitiva —señora alcaldesa,

*En definitiva —señora alcaldesa,*

remato—, a proposta motivada que obra no expediente, o que corresponde hoxe aquí é desestimar a alegación presentada e aprobar definitivamente unha ordenanza necesaria, sólida e plenamente coherente coa adaptación normativa que este concello, por certo, tiña pendente fai anos.

*termino—, la propuesta motivada que obra en el expediente, lo que corresponde hoy aquí es desestimar la alegación presentada y aprobar definitivamente una ordenanza necesaria, sólida y plenamente coherente con la adaptación normativa que este ayuntamiento, por cierto, tenía pendiente hace años.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Canosa.

*Muchas gracias, señora Canosa.*

Procedemos, polo tanto, á votación deste punto que require maioría simple para a súa aprobación.

*Procedemos, por lo tanto, a la votación de este punto que requiere mayoría simple para su aprobación.*

**Votación do asunto número catro**

***Votación del asunto número cuatro***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número catro relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cuatro relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota en contra o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos)

*Vota en contra el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas. Queda aprobado.

*Gracias. Queda aprobado.*

**Acordo**

***Acuerdo***

PRIMEIRO: Desestimar as alegacións formuladas polo Grupo municipal do Partido Popular (código de rexistro RMPE1A0FME) en base ás consideracións contidas na parte expositiva da proposta formulada que se incorporara como motivación in aliunde do acordo que se adopta, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015.

*PRIMERO: Desestimar las alegaciones formuladas por el Grupo municipal del Partido Popular (código de registro RMPE1A0FME) en base a las consideraciones contenidas en la parte expositiva de la propuesta formulada que se incorporará como motivación in aliunde del acuerdo que se adopta, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015.*

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, cuxo texto se anexa ao presente expediente con CSV 3Y12 0C3M 5S0A 4H64 0EEJ.

TERCEIRO: Publicar o texto integro da ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establecendo a súa entrada en vigor, unha vez teña lugar a devandita publicación oficial e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da mesma lei.

*SEGUNDO: Aprobar definitivamente la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda en el Hogar, cuyo texto se anexa al presente expediente con CSV 3Y12 0C3M 5S0A 4H64 0EEJ.*

*TERCERO: Publicar el texto íntegro de la ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda en el Hogar en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña, en cumplimiento del dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, estableciendo su entrada en vigor, una vez tenga lugar dicha publicación oficial y transcurra el plazo previsto en el artículo 65.2 de la misma ley.*

## CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE

### Dirección da Área de Medio Ambiente, Fondos Europeos e Dixitalización

**Servizo de Medio Ambiente**

**ASUNTO 5**

**54. Expte. 541/2023/227**
**Aprobación definitiva da modificación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 6 de abril de 2026, co voto a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a

## *CONCEJALÍA DE MEDIO AMBIENTE*

### *Dirección del Área de Medio Ambiente, Fondos Europeos y Digitalización*

***Servicio de Medio Ambiente***

***ASUNTO 5***

***54. Expte. 541/2023/227***
***Aprobación definitiva de la modificación del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 6 de abril de 2026, con el voto a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:*

*PRIMERO.- Aprobar definitivamente la*

modificación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña (PMPDIF). O documento do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña estará dispoñible en formato dixital na web www.coruna.es/medioambiente.

*modificación del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña (PMPDIF). El documento del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña estará disponible en formato digital en la web www.coruna.es/medioambiente.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

Asunto número cinco, señor secretario.

***Presidencia***

*Asunto número cinco, señor secretario.*

**Señor Secretario**

Aprobación definitiva da modificación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña.

***Señor Secretario***

*Aprobación definitiva de la modificación del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña.*

**Presidencia**

Ben. Ten a palabra a concelleira de Medio Ambiente, señora Neira, para a exposición inicial e despois haberá unha quenda de tres minutos por grupo. Este asunto require maioría simple para a súa aprobación. Señora Neira, ten a palabra.

***Presidencia***

*Bien. Tiene la palabra la concejala de Medio Ambiente, señora Neira, para la exposición inicial y después habrá un turno de tres minutos por grupo. Este asunto requiere mayoría simple para su aprobación. Señora Neira, tiene la palabra.*

***Señora Neira Fernández***

*Moitas grazas, señora alcaldesa.*

*Ben, pois efectivamente, traemos á aprobación definitiva a modificación do Plan Municipal de Prevención e Defensa dos Incendios Forestais. Vostedes saben que se aprobou de xeito provisional co voto favorable tanto do Grupo do BNG como do Grupo do Partido Popular no pasado pleno do 11 de decembro. Sometémolo, loxicamente, aos trámites administrativos pertinentes, neste caso a exposición pública de 30 días para a realización de alegacións. Non tivo*

**Señora Neira Fernández**

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Bueno, pues efectivamente, traemos a la aprobación definitiva la modificación del Plan Municipal de Prevención y Defensa de los Incendios Forestales. Ustedes saben que se aprobó de manera provisional con el voto favorable tanto del Grupo del BNG como del Grupo del Partido Popular en el pasado pleno del 11 de diciembre. Lo hemos sometido, lógicamente, a los trámites administrativos pertinentes, en este caso la exposición pública de 30 días para la realización de alegaciones. No ha

*ningunha alegación e xa contamos co informe preceptivo da Dirección Xeral competente en materia forestal.*

*Non vou volver facer unha intervención como fixen, explicando este plan, na aprobación inicial. Teñen vostedes a documentación, non houbo ningún tipo de alegación, non hai, por tanto, ningunha modificación a respecto do documento que se fixo na aprobación inicial e, por tanto, ata aquí o que é a miña intervención inicial nesta quenda.*

**Presidencia**

Moitas grazas. Comeza o Bloque Nacionalista Galego o debate. Señor Jorquera, ten a palabra.

**Señor Jorquera Caselas**

Moitas grazas. Como xa fixemos na votación da aprobación inicial, a aprobación definitiva terá o noso voto favorábel porque ademais a esta proposta de modificación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais non se presentaron alegacións.

Con este plan modificado increméntanse as parcelas afectadas. Antes só se contemplaban 50 m arredor de solo urbano e solo rural urbanizábel, agora inclúense contornas de instalacións industriais, cámpings, gasoliñeiras, vertedoiros, parques e calquera edificación sita a menos de 400 m do monte e vivendas illadas en solo rústico cunha franxa de seguridade de 50 m e a menos de 400 do monte. Aledámonos ademais de que se incluíse a San Pedro de Visma no listado anual de parroquias priorizadas corrixindo o feito de que no convenio de colaboración entre a Xunta de Galiza e Seaga ficase inicialmente excluída. Mais dito isto, reitero algunhas consideracións que xa fixemos no debate da aprobación inicial.

tenido ninguna alegación y ya contamos con el informe preceptivo de la Dirección Xeral competente en materia forestal.

No voy a volver a hacer una intervención como hice, explicando este plan, en la aprobación inicial. Tienen ustedes la documentación, no ha habido ningún tipo de alegación, no hay, por tanto, ninguna modificación respecto del documento que se hizo en la aprobación inicial y, por lo tanto, hasta aquí lo que es mi intervención inicial en este turno.

***Presidencia***

*Muchas gracias. Comienza el Bloque Nacionalista Galego el debate. Señor Jorquera, tiene la palabra.*

***Señor Jorquera Caselas***

*Muchas gracias. Como ya hicimos en la votación de la aprobación inicial, la aprobación definitiva tendrá nuestro voto favorable porque además a esta propuesta de modificación del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales no se presentaron alegaciones.*

*Con este plan modificado se incrementan las parcelas afectadas. Antes solo se contemplaban 50 m alrededor de suelo urbano y suelo rural urbanizable, ahora se incluyen entornos de instalaciones industriales, cámpines, gasolineras, escombreras, parques y cualquier edificación sita a menos de 400 m del monte y viviendas aisladas en suelo rústico con una franja de seguridad de 50 m y a menos de 400 del monte. Nos alegramos además de que se incluyera a San Pedro de Visma en el listado anual de parroquias priorizadas corrigiendo el hecho de que en el convenio de colaboración entre la Xunta de Galicia y Seaga se quedara inicialmente excluida. Pero dicho esto, reitero algunas consideraciones que ya hicimos en el debate de la aprobación inicial.*

A loita contra os incendios forestais debe ser unha cuestión fundamental, como nolo lembrou a catástrofe vivida o pasado verán e nolo volve lembrar que a comezos deste mes de abril xa se producisen incendios. A proliferación de incendios forestais ten moito a ver con políticas que provocan o abandono do campo, co fomento de monocultivos forestais, coa falla de políticas de prevención e con termos en Galiza uns servizos de loita contra o lume estacionais, infradotados e precarizados. Por iso parécenos incríbel que aínda non se aprobase o Pladiga de 2026 cando a Xunta tiña obriga legal de aprobalo e publicalo antes do 31 de outubro de 2025.

*La lucha contra los incendios forestales debe ser una cuestión fundamental, como nos lo recordó la catástrofe vivida el pasado verano y nos lo vuelve a recordar que a comienzos de este mes de abril ya se produjeran incendios. La proliferación de incendios forestales tiene mucho que ver con políticas que provocan el abandono del campo, con el fomento de monocultivos forestales, con la falta de políticas de prevención y con tener en Galicia unos servicios de lucha contra el fuego estacionales, infradotados y precarizados. Por eso nos parece increíble que aún no se haya aprobado el Pladiga de 2026 cuando la Xunta tenía obligación legal de aprobarlo y publicarlo antes de 31 de octubre de 2025.*

Pero o Concello tamén ten responsabilidades, algunhas da súa competencia e outras da súa incumbencia. Abonda con percorrer o noso ámbito rururbano para ollar fincas cheas de maleza, montes sen coidar, plumachos e outras especies invasoras, para ollar núcleos do noso termo municipal case comestos polos eucaliptos e como hai espazos convertidos en vertedoiros incontrolados. Por iso cremos que o Concello debe de ter unha actitude moito máis vixiante e activa no exercicio das súas competencias para corrixir estas situacións e tamén unha actitude moito máis proactiva para exixir da Xunta que cumpra coas súas obrigas.

*Pero el Ayuntamiento también tiene responsabilidades, algunas de su competencia y otras de su incumbencia. Basta con recorrer nuestro ámbito rururbano para ver fincas llenas de maleza, montes sin cuidar, plumachos y otras especies invasoras, para ver núcleos de nuestro término municipal casi comidos por los eucaliptos y cómo hay espacios convertidos en vertederos incontrolados. Por eso creemos que el Ayuntamiento debe tener una actitud mucho más vigilante y activa en el ejercicio de sus competencias para corregir estas situaciones y también una actitud mucho más proactiva para exigir de la Xunta que cumpla sus obligaciones.*

En calquera caso, votaremos a favor da aprobación definitiva do Plan. Grazas.

*En cualquier caso, votaremos a favor de la aprobación definitiva del Plan. Gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera. Turno para o Partido Popular, señor Amado.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Jorquera. Turno para el Partido Popular, señor Amado.*

**Ás dez horas e cincuenta minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.**

***A las diez horas y cincuenta minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.***

*__Señor Amado de la Fuente__*

*Bos días a todos os presentes e a aquelas persoas que nos seguen en directo.*

*Tráennos hoxe aquí a aprobación definitiva do Plan Municipal de Incendios Forestais unha vez superou os trámites de audiencia pública. Tal e como fixemos na aprobación inicial, onde avisamos dos distintos incendios que podían causarse pola acción do Goberno municipal, falaremos agora das terras queimadas e de difícil rexeneración que causou a nosa alcaldesa, Inés Rey.*

*Liderado interno queimado. Un líder queimado mostra fatiga extrema, irritabilidade, cinismo, desconexión emocional, toma de decisións reactivas en lugar de estratéxicas, o que a miúdo resulta nun equipo desgastado, desmotivado e con alta rotación. Adoita delegar mal, evitar reunións e enfocarse só en sobrevivir ó día a día.*

*Esta descrición que nos dá a psicoloxía encaixa perfectamente coa súa forma de gobernar, señora Rey. Esas continuas crises de goberno, esas remodelacións de concellarías, eses cesamentos de asesores, cesamentos de funcionarios, non son outra cousa que un síntoma claro da súa incapacidade para liderar un equipo.*

*Xa lle ocorreu no anterior período, pero neste mandato os síntomas agraváronse. Hoxe por hoxe está vostede, señora Rey, máis soa que cando empezou de alcaldesa na nosa cidade É culpa do mundo ou é culpa do seu modelo de dirixir ó seu equipo? Frases dirixidas a membros do seu equipo son exemplos claros e rotundos do aquí denunciado. Abro comiñas: que se meta na puta cabeza que quen lidera o partido na*

**__Señor Amado de la Fuente__**

Buenos días a todos los presentes y a aquellas personas que nos siguen por *streaming.*

Nos traen hoy aquí la aprobación definitiva del Plan Municipal de Incendios Forestales una vez ha superado los trámites de audiencia pública. Tal y como hicimos en la aprobación inicial, donde avisamos de los distintos incendios que podían causarse por la acción del Gobierno municipal, hablaremos ahora de las tierras quemadas y de difícil regeneración que ha causado nuestra alcaldesa, Inés Rey.

Liderazgo interno quemado. Un líder quemado muestra fatiga extrema, irritabilidad, cinismo, desconexión emocional, toma de decisiones reactivas en lugar de estratégicas, lo que a menudo resulta en un equipo desgastado, desmotivado y con alta rotación. Suele delegar mal, evitar reuniones y enfocarse solo en sobrevivir al día a día.

Esta descripción que nos da la psicología encaja perfectamente con su forma de gobernar, señora Rey. Esas continuas crisis de gobierno, esas remodelaciones de concejalías, esos ceses de asesores, ceses de funcionarios, no son otra cosa que un síntoma claro de su incapacidad para liderar un equipo.

Ya le ocurrió en el anterior periodo, pero en este mandato los síntomas se han agravado. En este momento está usted, señora Rey, más sola que cuando empezó de alcaldesa en nuestra ciudad ¿Es culpa del mundo o es culpa de su modelo de dirigir a su equipo? Frases dirigidas a miembros de su equipo son ejemplos claros y rotundos de lo aquí denunciado. Abro comillas: que se meta en la puta cabeza que quien lidera el partido en La Coruña soy yo, cierro comillas. Abro

*Coruña son eu, pecho comiñas. Abro comiñas: es unha vaga, ráscascha a dúas mans, tes un soldo Nescafé, pecho comiñas.*

comillas: eres una vaga, te la rascas a dos manos, tienes un sueldo Nescafé, cierro comillas.

*Cre —oído o anterior, señora Rey— que non é vostede unha líder queimada?*

¿Cree —oído lo anterior, señora Rey— que no es usted una líder quemada?

*Liderado externo queimado. Un exemplo de liderado externo queimado manifístase cando un líder carismático, proactivo e enfocado no crecemento transfórmase debido á tensión crónica nun xestor defensivo, reactivo e desmotivado que afecta á produtividade do seu equipo. Esta definición volve dar na diana da súa forma de traballar, señora Rey. Pasou de falarnos de liderar unha segunda transformación da cidade e do Mundial de fútbol a inaugurar un parque sen acabar no Agra ou a dicirnos que podiamos hipotecar o futuro da cidade se fósemos sede do Mundial. Hoxe xa sabemos a situación na económica na que temos este Concello.*

Liderazgo externo quemado. Un ejemplo de liderazgo externo quemado se manifiesta cuando un líder carismático, proactivo y enfocado en el crecimiento se transforma debido al estrés crónico en un gestor defensivo, reactivo y desmotivado que afecta a la productividad de su equipo. Esta definición nos vuelve a dar en la diana de su forma de trabajar, señora Rey. Ha pasado de hablarnos de liderar una segunda transformación de la ciudad y del Mundial de fútbol a inaugurar un parque sin acabar en el Agra o a decirnos que podíamos hipotecar el futuro de la ciudad si fuésemos sede del Mundial. Hoy ya sabemos la situación en la económica en la que tenemos este Ayuntamiento.

*Frases dirixidas aos cidadáns son exemplos claros e rotundos do aquí denunciado. Abro comiñas: quen teña unha vaca que compre un cortello, pecho comiñas. Abro comiñas: xa sei que non é Central Park, non son idiota, pecho comiñas. Abro comiñas: ás veces é mellor ter os pés na terra, pecho comiñas.*

Frases dirigidas a los ciudadanos son ejemplos claros y rotundos de lo aquí denunciado. Abro comillas: quien tenga una vaca que compre un establo cierro comillas. Abro comillas: ya sé que no es Central Park, no soy idiota, cierro comillas. Abro comillas: a veces es mejor tener los pies en la tierra. Cierro comillas.

*Cre, oído o anterior, señora Rey, que non é vostede unha alcaldesa queimada?*

¿Cree, oído lo anterior, señora Rey, que no es usted una alcaldesa quemada?

*Liderado institucional queimado. As características claves dun líder institucional inclúen visión e planificación estratéxica, integridade e ética, comunicación efectiva, empatía e xestión de persoas, capacidade de resolución, delegación e empoderamento, orientación á mellora continua, carisma e entusiasmo* (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**).

Liderazgo institucional quemado. Las características claves de un líder institucional incluyen visión y planificación estratégica, integridad y ética, comunicación efectiva, empatía y gestión de personas, capacidad de resolución, delegación y empoderamiento, orientación a la mejora continua, carisma y entusiasmo ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Amado. Turno para a concelleira de Medio Ambiente, señora Neira.

***Señora Neira Fernández***

*Moitas grazas. Vou contestar ó que comentou o señor Jorquera en relación ó tema da aprobación definitiva deste plan.*

*Efectivamente, houbo ó longo do que foi entre a aprobación inicial e esta aprobación definitiva, asínase un novo convenio entre a Xunta de Galicia e Seaga. Nese convenio, efectivamente, é a Xunta de Galicia quen exclúe a San Pedro de Visma do que é unha parroquia priorizada. A parroquia priorizada, como todos sabemos, o que fai é que os propietarios desas parcelas en Visma poidan contratar directamente, bo, pois con Seaga, para facer o que serían esas tarefas de roza a uns prezos infinitamente máis alcanzables. Esa parroquia hoxe por hoxe está excluída e desde o Concello, desde a Concellaría de Medio Ambiente, solicitouse novamente á Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral, que efectivamente a volvan incluír porque consideramos que cumpre os parámetros e que non ten ningún sentido, non cambiou absolutamente nada desde o ano pasado... desde o ano pasado non, desde o plan anterior ó que sería este novo plan.*

*Eu agradézolles o apoio en canto á aprobación definitiva. Sabemos que, efectivamente, isto implica seguir traballando no que sería esa tarefa de prevención dentro do noso termo municipal e o que lles podo dicir é que despois desta aprobación definitiva, desde a Concellaría de Medio Ambiente, das 700 cartas que se envían o ano*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Amado. Turno para la concejala de Medio Ambiente, señora Neira.*

**Señora Neira Fernández**

Muchas gracias. Voy a contestar a lo que ha comentado el señor Jorquera en relación al tema de la aprobación definitiva de este plan.

Efectivamente, ha habido a lo largo de lo que ha sido entre la aprobación inicial y esta aprobación definitiva, se firma un nuevo convenio entre la Xunta de Galicia y Seaga. En ese convenio, efectivamente, es la Xunta de Galicia quien excluye a San Pedro de Visma de lo que es una parroquia priorizada. La parroquia priorizada, como todos sabemos, lo que hace es que los propietarios de esas parcelas en Visma puedan contratar directamente, bueno, pues con Seaga, para hacer lo que serían esas tareas de desbroce a unos precios infinitamente más asequibles. Esa parroquia en este momento está excluida y desde el Ayuntamiento, desde la Concejalía de Medio Ambiente, se ha solicitado nuevamente a la Xunta de Galicia a través de la Dirección Xeral, que efectivamente la vuelvan a incluir porque consideramos que cumple los parámetros y que no tiene ningún sentido, no ha cambiado absolutamente nada desde el año pasado... desde el año pasado no, desde el plan anterior a lo que sería este nuevo plan.

Yo les agradezco el apoyo en cuanto a la aprobación definitiva. Sabemos que, efectivamente, esto implica seguir trabajando en lo que sería esa tarea de prevención dentro de nuestro término municipal y lo que les puedo decir es que después de esta aprobación definitiva, desde la Concejalía de Medio Ambiente, de las 700 cartas que se envían el año pasado

*pasado para requirir aos propietarios en canto ás tarefas de limpeza e de roza, de prevención, por tanto, de incendios dentro do noso termo municipal, pasaremos a 2.553, das cales 1.674, case 1.700 cartas implican que son novos propietarios afectados precisamente por esta ampliación en canto aos terreos do Plan de Incendios.*

*Eu creo que é un traballo importante, quero agradecerlle ós meus compañeiros, aos funcionarios da Área de Medio Ambiente, o traballo. Requirir non sempre é doado, estar constantemente tratando de contactar cos propietarios, sobre todo en determinados puntos, non é doado .*

*E polo resto das cuestións que se expoñen en relación ó tema das verteduras incontroladas de determinadas cuestións que afectan o ámbito medioambiental, eu o único que podo dicir é neste salón de plenos é que se está facendo todo o que se pode cos medios dos que se dispoñen, que efectivamente non é doado en moitas ocasións a sanción e localizar a quen infrinxe esa normativa, e que rozan, non é unha cuestión de carácter administrativo, é que en moitas ocasións estamos a falar de delitos medioambientais, non é doado identificalos, pero cando se conseguiu, si se fixo.*

*Agradecerlles, por tanto, o voto favorable á aprobación definitiva deste plan e pola miña banda nada máis. Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Neira. Procedemos á votación deste asunto.

**Votación do asunto número cinco**

Seguidamente pola Presidencia sométese

para requerir a los propietarios en cuanto a las tareas de limpieza y de desbroce, de prevención, por tanto, de incendios dentro de nuestro término municipal, pasaremos a 2.553, de las cuales 1.674, casi 1.700 cartas implican que son nuevos propietarios afectados precisamente por esta ampliación en cuanto a los terrenos del Plan de Incendios.

Yo creo que es un trabajo importante, quiero agradecerle a mis compañeros, a los funcionarios del Área de Medio Ambiente, el trabajo. Requerir no siempre es fácil, estar constantemente tratando de contactar con los propietarios, sobre todo en determinados puntos, no es fácil .

Y por el resto de las cuestiones que se plantean en relación al tema de los vertidos incontrolados de determinadas cuestiones que afectan al ámbito medioambiental, yo lo único que puedo decir es en este salón de plenos es que se está haciendo todo lo que se puede con los medios de los que se disponen, que efectivamente no es fácil en muchas ocasiones la sanción y localizar a quienes infringen esa normativa, y que rozan, no es una cuestión de carácter administrativo, es que en muchas ocasiones estamos hablando de delitos medioambientales, no es fácil identificarlos, pero cuando se ha conseguido, sí se ha hecho.

Agradecerles, por tanto, el voto favorable a la aprobación definitiva de este plan y por mi parte nada más. Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Neira. Procedemos a la votación de este asunto.*

***Votación del asunto número cinco***

*Seguidamente por la Presidencia se somete*

a votación o asunto número cinco relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

*a votación el asunto número cinco relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (3 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (3 votos)*

Contabilízase, así mesmo, a abstención da señora concelleira D.ª Avia Veira González, de acordo co artigo 100.1 do ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presente no momento da votación.

*Se contabiliza, asimismo, la abstención de la señora concejala D.ª Avia Veira González, de acuerdo con el artículo 100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación y no estar presente en el momento de la votación.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Queda aprobado por unanimidade.

*Queda aprobado por unanimidad.*

**Acordo**

***Acuerdo***

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a modificación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña (PMPDIF). O documento do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña estará dispoñible en formato dixital na web www.coruna.es/medioambiente.

*PRIMERO.- Aprobar definitivamente la modificación del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña (PMPDIF). El documento del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña estará disponible en formato digital en la web www.coruna.es/medioambiente.*

**CONCELLARÍA DE CULTURA E TURISMO**

***CONCEJALÍA DE CULTURA E TURISMO***

**Dirección da Área de Cultura**

***Dirección del Área de Cultura***

**Servizo de Cultura e Memoria Histórica**

***Servicio de Cultura y Memoria Histórica***

**ASUNTO 6**

***ASUNTO 6***

**Expte.CI1/2026/189**
**Aprobación da adhesión do Concello da Coruña á Asociación Internacional Culture Action Europe.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 6 de abril de 2026, co voto a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello da Coruña e de forma mediata do Servizo de Cultura e Memoria Histórica pertencente ao mesmo, como membro asociado de categoría 2 da Asociación Internacional Culture Action Europe.

Segundo.- Realizar a retención de crédito por un importe de 2.809,00 € en concepto de cota anual pola adhesión á Asociación Internacional Culture Action Europe, con cargo á aplicación 50.334.48918 do orzamento municipal en vigor.

Terceiro.- Facultar á Alcaldesa, en calidade de representante legal do Concello, para realizar todos os trámites necesarios para formalizar a devandita adhesión, así como, tan amplamente en Dereito como sexa procedente, para que, pola Alcaldía, como órgano unipersoal, se realicen cantos actos, trámites ou xestións resulten necesarias para o bo fin dos acordos adoptados.

Cuarto.- Designar a Alcaldesa, ou persoa

***Expte.CI1/2026/189***
***Aprobación de la adhesión del Ayuntamiento de A Coruña a la asociación internacional Culture Action Europe.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 6 de abril de 2026, con el voto a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:*

*Primero.- Aprobar la adhesión del Ayuntamiento de A Coruña y de forma mediata del Servicio de Cultura y Memoria Histórica perteneciente al mismo, como miembro asociado de categoría 2 de la Asociación Internacional Culture Action Europe.*

*Segundo.- Realizar la retención de crédito por un importe de 2.809,00 € en concepto de cuota anual por la adhesión a la Asociación Internacional Culture Action Europe, con cargo a la aplicación 50.334.48918 del presupuesto municipal en vigor.*

*Tercero.- Facultar a la Alcaldesa, en calidad de representante legal del Ayuntamiento, para realizar todos los trámites necesarios para formalizar dicha adhesión, así como, tan ampliamente en Derecho como sea procedente, para que, por la Alcaldía, como órgano unipersonal, se realicen cuantos actos, trámites o gestiones resulten necesarias para el buen fin de los acuerdos adoptados.*

*Cuarto.- Designar la Alcaldesa, o persona*

en quen delegue, como membro corporativo ou órgano directivo do Concello da Coruña na Asociación Internacional Culture Action Europe.

*en quien delegue, como miembro corporativo o órgano directivo del Ayuntamiento de A Coruña en la Asociación Internacional Culture Action Europe.*

Quinto.- Notificar estes acordos ao presidente do Comité Executivo e ao Secretario Xeral da Asociación Internacional Culture Action Europe para que procedan a tramitación da solicitude de adhesión.

*Quinto.- Notificar estos acuerdos al presidente del Comité Ejecutivo y al Secretario General de la Asociación Internacional Culture Action Europe para que procedan la tramitación de la solicitud de adhesión.*

## Intervencións

## *Intervenciones*

**Presidencia**

O último asunto da Parte Resolutiva é o asunto seis. Señor secretario.

***Presidencia***

*El último asunto de la Parte Resolutiva es el asunto seis. Señor secretario.*

**Señor Secretario**

Aprobación da adhesión do Concello da Coruña á Asociación Internacional Culture Action Europe que require maioría absoluta legal.

***Señor Secretario***

*Aprobación de la adhesión del Ayuntamiento de A Coruña a la Asociación Internacional Culture Action Europe que requiere mayoría absoluta legal.*

**Presidencia**

Ben, pois neste punto haberá unha quenda de debate de catro minutos por grupo. Toma a palabra, en primeiro lugar, o señor Castro, concelleiro de Cultura, para explicar o asunto.

***Presidencia***

*Bien, pues en este punto habrá un turno de debate de cuatro minutos por grupo. Toma la palabra, en primer lugar, el señor Castro, concejal de Cultura, para explicar el asunto.*

**Ás dez horas e cincuenta e sete minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.**

***A las diez horas y cincuenta y siete minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.***

**Señor Castro Prado**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Señoras e señores concelleiros e concelleiras, compañeiros de Corporación, hoxe traemos a este pleno unha decisión que define o modelo de cidade en canto á súa política cultural. Non estamos a falar simplemente dunha

***Señor Castro Prado***

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Señoras y señores concejales y concejalas, compañeros de Corporación, hoy traemos a este pleno una decisión que define el modelo de ciudad en cuanto a su política cultural. No estamos hablando simplemente de una adhesión a una*

adhesión a unha entidade internacional, estamos a falar de como A Coruña decide situarse no mapa cultural europeo do Século XXI. Culture Action Europe non é unha rede máis, é a meirande plataforma intersectorial da cultura en Europa, a voz e grupo de presión dos sectores e administracións culturais ante as institucións comunitarias e é tamén un dos espazos onde se están a pensar e a construír as políticas culturais do presente e do futuro, e hoxe A Coruña decide estar aí, na danza ponteira da vangarda, tal e como esencialmente se define a nosa cidade, como se dicía, tamén, do referente plástico e teórico coruñés, Raimundo Patiño, enterrado no noso Cemiterio de San Amaro.

A Coruña decide ser a primeira cidade galega a incorporarse a esta rede, de situarse na vangarda das cidades españolas que entende que a cultura non pode quedar pechada nos límites territorial, administrativos, máis estreitos por miopía, senón que debe operar no nivel europeo, como cidade europea, como cidade significada, en diálogo permanente cos grandes retos contemporáneos que ten a cultura de hoxe e do futuro, porque Europa hoxe está a falar da cultura como un dereito, como infraestrutura base da democracia libre, aberta e inclusiva occidental, como motor de cohesión social, de sustentabilidade real e de innovación ampla e solidaria, e iso é exactamente o que recollen os propios fins de esta rede: situar a cultura no centro das políticas públicas de Europa, promover a diversidade no seu sentido máis amplo e inclusivo, e contribuír a sociedades máis xustas, máis sostibles, en definitiva, tamén, no caso da nosa cidade, a unha Coruña mellor.

A adhesión que hoxe defendemos forma parte dunha estratexia máis ampla que é a da internacionalización da política

*entidad internacional, estamos hablando de cómo A Coruña decide situarse en el mapa cultural europeo del Siglo XXI. Culture Action Europe no es una red más, es la mayor plataforma intersectorial de la cultura en Europa, la voz y grupo de presión de los sectores y administraciones culturales ante las instituciones comunitarias y es también uno de los espacios donde se están pensando y construyendo las políticas culturales del presente y del futuro, y hoy A Coruña decide estar ahí, en la danza puntera de la vanguardia, tal y como esencialmente se define nuestra ciudad, como se decía, también, del referente plástico y teórico coruñés, Raimundo Patiño, enterrado en nuestro Cementerio de San Amaro.*

*A Coruña decide ser la primera ciudad gallega a incorporarse a esta red, de situarse en la vanguardia de las ciudades españolas que entiende que la cultura no puede quedarse cerrada en los límites territoriales, administrativos, más estrechos por miopía, sino que debe operar en el nivel europeo, como ciudad europea, como ciudad significada, en diálogo permanente con los grandes retos contemporáneos que tiene la cultura de hoy y del futuro, porque Europa hoy está hablando de la cultura como un derecho, como infraestructura base de la democracia libre, abierta e inclusiva occidental, como motor de cohesión social, de sostenibilidad real y de innovación amplia y solidaria, y eso es exactamente lo que recogen los propios fines de esta red: situar la cultura en el centro de las políticas públicas de Europa, promover la diversidad en su sentido más amplio e inclusivo, y contribuir a sociedades más justas, más sostenibles, en definitiva, también, en el caso de nuestra ciudad, a una Coruña mejor.*

*La adhesión que hoy defendemos forma parte de una estrategia más amplia que es la de la internacionalización de la política*

cultural da cidade da Coruña, con estratexia planificada, responsable, máis ambiciosa e cunha avaliación permanente e o obxectivo de render contas e que busca consolidar A Coruña como cidade cultural atlántica de referencia, reforzando neste caso a súa capacidade de interlocución europea e captación de proxectos e financiamento internacional, e tamén a súa proxección, a proxección, fundamentalmente, do seu ecosistema cultural cara a Europa, cara ó futuro, pois Europa, e hoxe máis que nunca, é futuro, futuro de esperanza, é unha liña onde habitar, onde a tradición e a modernidade conflúen, como diría o noso Isaac Díaz Pardo.

*cultural de la ciudad de A Coruña, con estrategia planificada, responsable, más ambiciosa y con una evaluación permanente y el objetivo de rendir cuentas y que busca consolidar A Coruña como ciudad cultural atlántica de referencia, reforzando en este caso su capacidad de interlocución europea y captación de proyectos y financiación internacional, y también su proyección, la proyección, fundamentalmente, de su ecosistema cultural hacia Europa, hacia el futuro, pues Europa, y hoy más que nunca, es futuro, futuro de esperanza, es una línea donde habitar, donde la tradición y la modernidad confluyen, como diría nuestro Isaac Díaz Pardo.*

Pero hai unha idea clave que quero subliñar, esta adhesión non forma parte, digamos, dun fin en si mesma, é o primeiro chanzo, o primeiro chanzo para que a administración cultural da cidade funcione como unha antena activa en Europa capaz de detectar oportunidades para a nosa cidadanía creadora e que, efectivamente, traballa a diario a cotío para a nosa cultura; para apoiar o noso ecosistema cultural, único, no Estado; para transferir coñecemento de alí para aquí e de Coruña para todo o continente; e para activar as mellores políticas públicas, culturais coruñesas conectadas neste caso coas mellores prácticas europeas.

*Pero hay una idea clave que quiero subrayar, esta adhesión no forma parte, digamos, de un fin en sí misma, es el primer escalón, el primer escalón para que la administración cultural de la ciudad funcione como una antena activa en Europa capaz de detectar oportunidades para nuestra ciudadanía creadora y que, efectivamente, trabaja a diario intensamente para nuestra cultura; para apoyar nuestro ecosistema cultural, único, en el Estado; para transferir conocimiento de allí para aquí y de Coruña para todo el continente; y para activar las mejores políticas públicas, culturales coruñesas conectadas en este caso con las mejores prácticas europeas.*

É por iso que esta adhesión terá continuidade e nos vindeiros meses o obxectivo é traer a este pleno novas propostas de incorporación a redes europeas estratéxicas para mellorar a administración, a diplomacia cultural da cidade e tamén para apoiar proxectos estratéxicos no caso dos Museos Científicos, dos museos históricos e, en definitiva, de todo o noso tecido cultural público e tamén privado, construíndo unha nova arquitectura estable, de conexión internacional, ó servizo do

*Es por eso que esta adhesión tendrá continuidad y en los próximos meses el objetivo es traer a este pleno nuevas propuestas de incorporación a redes europeas estratégicas para mejorar la administración, la diplomacia cultural de la ciudad y también para apoyar proyectos estratégicos en el caso de los Museos Científicos, de los museos históricos y, en definitiva, de todo nuestro tejido cultural público y también privado, construyendo una nueva arquitectura estable, de conexión internacional, al servicio del*

sector cultural da cidade da Coruña, porque o que está en xogo neste caso non é só a presenza institucional, o que está en xogo é a capacidade da Coruña para facer as mellores políticas culturais, as mellores oportunidades para o seu tecido sociocultural e económico, efectivamente, tamén para favorecer o acceso da cidadanía á cultura e tamén —como non pode ser doutro xeito nunha cidade de vangarda como a nosa— para ter maior capacidade de innovación e liderado cultural desde o noso concello.

*sector cultural de la ciudad de A Coruña, porque lo que está en juego en este caso no es solo la presencia institucional, lo que está en juego es la capacidad de A Coruña para hacer las mejores políticas culturales, las mejores oportunidades para su tejido sociocultural y económico, efectivamente, también para favorecer el acceso de la ciudadanía a la cultura y también —como no puede ser de otro modo en una ciudad de vanguardia como nuestra— para tener mayor capacidad de innovación y liderazgo cultural desde nuestro ayuntamiento.*

Efectivamente, aspiramos a consolidarnos como referente estatal desde a responsabilidade, pero sen desprezar ningunha oportunidade, porque temos a responsabilidade de exercer como coruñeses, pero tamén, e fundamentalmente e sobre todo, de ter presente que somos galegos da Coruña e que temos unha responsabilidade tamén co noso país. Poñer a cultura no centro das políticas é absolutamente esencial e facelo no marco europeo creo que é algo de responsabilidade, como dicía, sobre todo, efectivamente, coa crise de valores no respecto ós dereitos máis esenciais que estamos a vivir no mundo. Europa debe de converterse, e para iso a cultura ten un papel absolutamente esencial, de novo na referencia da salvagarda dos dereitos máis elementais que construíron sociedades en pé de igualdade e xustas.

*Efectivamente, aspiramos a consolidarnos como referente estatal desde la responsabilidad, pero sin despreciar ninguna oportunidad, porque tenemos la responsabilidad de ejercer como coruñeses, pero también, y fundamentalmente y sobre todo, de tener presente que somos gallegos de A Coruña y que tenemos una responsabilidad también con nuestro país. Poner la cultura en el centro de las políticas es absolutamente esencial y hacerlo en el marco europeo creo que es algo de responsabilidad, como decía, sobre todo, efectivamente, con la crisis de valores en el respeto a los derechos más esenciales que estamos viviendo en el mundo. Europa debe de convertirse, y para eso la cultura tiene un papel absolutamente esencial, de nuevo en la referencia de la salvaguarda de los derechos más elementales que construyeron sociedades en pie de igualdad y justas.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Castro. Comezamos o debate, o Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Queixas.

*Muchas gracias, señor Castro. Comenzamos el debate, el Bloque Nacionalista Galego, tiene la palabra la señora Queixas.*

**Señora Queixas Zas**

***Señora Queixas Zas***

Grazas, alcaldesa, e moi bo día a todos e a todas.

O Goberno local solicita o apoio deste pleno para a adhesión do Concello a esta asociación internacional que ten como obxectivo situar a cultura no centro do debate público e da toma de decisións para construír sociedades sostíbeis baseadas no respecto polos dereitos humanos e pola diversidade cultural identitaria. Desde o BNG, evidentemente, non podemos estar máis que de acordo con estes obxectivos, están no noso ADN cultural e tamén están na base das propostas que traemos a este pleno, como tamén están na base da nosa crítica ó xeito que ten este goberno local de entender a política cultural, desconectado da cultura de base, como vimos nos últimos meses co Programa de Lecer, alleo á cultura creativa e ós creadores e creadoras máis próximos, insensíbel á participación verdadeiramente accesíbel da cultura no día a día, un goberno máis preocupado por alimentar un modelo distanciado das persoas que evita o diálogo, que ve a cultura como un produto de mercado, centrado no monocultivo dos macroeventos, que discrimina a oferta cultural para públicos de primeira e de segunda segundo a súa tarxeta bancaria, un goberno que actúa de forma irresponsábel poñendo en risco mesmo a solvencia económica municipal comprometendo actuacións de forma reiterada sen dispor de crédito, como temos evidenciado en diferentes ocasións desde o BNG. Infraestruturas culturais con severas deficiencias; ausencia de dirección en espazos culturais; desatención do referencial proxecto de bibliotecas municipais; un consello municipal de cultura inoperante; ausencia de protagonismo das creadoras e creadores locais na programación anual; desleixo á hora de celebrar as datas propias da nosa identidade, da nosa

*Gracias, alcaldesa, y muy buenos días a todos y a todas.*

*El Gobierno local solicita el apoyo de este pleno para la adhesión del Ayuntamiento a esta asociación internacional que tiene como objetivo situar la cultura en el centro del debate público y de la toma de decisiones para construir sociedades sostenibles basadas en el respeto por los derechos humanos y por la diversidad cultural identitaria. Desde el BNG, evidentemente, no podemos estar más que de acuerdo con estos objetivos, están en nuestro ADN cultural y también están en la base de las propuestas que traemos a este pleno, como también están en la base de nuestra crítica a la manera que tiene este gobierno local de entender la política cultural, desconectado de la cultura de base, como vimos en los últimos meses con el Programa de Lecer, ajeno a la cultura creativa y a los creadores y creadoras más próximos, insensible a la participación verdaderamente accesible de la cultura en el día a día, un gobierno más preocupado por alimentar un modelo distanciado de las personas que evita el diálogo, que ve la cultura como un producto de mercado, centrado en el monocultivo de los macroeventos, que discrimina la oferta cultural para públicos de primera y de segunda según su tarjeta bancaria, un gobierno que actúa de forma irresponsable poniendo en riesgo incluso la solvencia económica municipal comprometiendo actuaciones de forma reiterada sin disponer de crédito, como hemos evidenciado en diferentes ocasiones desde el BNG. Infraestructuras culturales con severas deficiencias; ausencia de dirección en espacios culturales; desatención del referencial proyecto de bibliotecas municipales; un consejo municipal de cultura inoperante; ausencia de protagonismo de las creadoras y creadores locales en la programación anual; dejadez a la hora de celebrar las fechas propias de*

cultura identitaria como volvemos ver de novo este mesmo ano co Día de Rosalía; e renuncia ó coidado do patrimonio cultural colectivo como vemos, pois en relación á Fundación Luís Seoane, á situación do Cárcere ou os murais de Urbano Lugrís da rúa Olmos que seguen nun proceso de decadencia absoluta e de perda irreparábel.

*nuestra identidad, de nuestra cultura identitaria como volvimos a ver de nuevo este mismo año con el Día de Rosalía; y renuncia al cuidado del patrimonio cultural colectivo como vemos, pues en relación a la Fundación Luís Seoane, a la situación de la Cárcel o los murales de Urbano Lugrís de la calle Olmos que siguen en un proceso de decadencia absoluta y de pérdida irreparable.*

Esta non é a mellor carta de presentación dun goberno, nin diante da sociedade da Coruña nin moito menos diante de calquera institución cultural europea, sobre todo porque non é o espello da cultura que queremos, que facemos e que merecemos na Coruña. Por iso as preguntas poden ser, está este goberno local verdadeiramente apegado á cultura da cidade? A realidade di que non. Está este goberno local cumprindo cos dereitos culturais? A realidade di que non. Vai mellorar a situación real e diaria da rede cultural da Coruña despois da adhesión a esta asociación europea? Pois permítanos certa desconfianza, unha desconfianza que vén sustentada con argumentos nos antecedentes dos sete anos de modelo cultural deste goberno presidido pola alcaldesa, Inés Rey.

*Esta no es la mejor carta de presentación de un gobierno, ni ante la sociedad de A Coruña ni mucho menos ante cualquier institución cultural europea, sobre todo porque no es el espejo de la cultura que queremos, que hacemos y que merecemos en A Coruña. Por ello las preguntas pueden ser, ¿está este gobierno local verdaderamente apegado a la cultura de la ciudad? La realidad dice que no ¿Está este gobierno local cumpliendo los derechos culturales? La realidad dice que no ¿Va a mejorar la situación real y diaria de la red cultural de A Coruña después de la adhesión a esta asociación europea? Pues permítannos cierta desconfianza, una desconfianza que viene sustentada con argumentos en los antecedentes de los siete años de modelo cultural de este gobierno presidido por la alcaldesa, Inés Rey.*

Polo tanto, esta proposta máis ben nos parece unha cortina de fume para tapar unha realidade con moitísimas eivas que os coruñeses e as coruñesas comproban no seu día a día, unhas eivas que tamén se constatan nesta proposta de solicitude e que en absoluto son menores e referímonos ó feito de que non se lle teña solicitado informe ó interventor, tal e como consta no propio expediente, algo que sorprende xa que adherirse a esta asociación europea ten un custe económico anual, o que implica ter crédito orzamentario que desde o BNG descoñezamos que exista.

*Por lo tanto, esta propuesta más bien nos parece una cortina de humo para tapar una realidad con muchísimos defectos que los coruñeses y las coruñesas comprueban en su día a día, unos defectos que también se constatan en esta propuesta de solicitud y que en absoluto son menores y nos referimos al hecho de que no se le haya solicitado informe al interventor, tal y como consta en el propio expediente, algo que sorprende ya que adherirse a esta asociación europea tiene un coste económico anual, lo que implica tener crédito presupuestario que desde el BNG desconozcamos que exista.*

A desconfianza que provoca a irregular

*La desconfianza que provoca la irregular*

xestión cultural do Goberno de Inés Rey, insisto, ó longo de todos estes anos obrigaranos a absternos.

*gestión cultural del Gobierno de Inés Rey, insisto, a lo largo de todos estos años nos obligarán a abstenernos.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Queixas. Turno para o BNG, señor San Claudio.

*Muchas gracias, señora Queixas. Turno para el BNG, señor San Claudio.*

**Ás once horas e seis minutos sae do Salón de Sesións o señor Mora do Campo.**

***A las once horas y seis minutos sale del Salón de Sesiones el señor Mora do Campo.***

***Señor San Claudio Yáñez***

**Señor San Claudio Yáñez**

*Moitas grazas, señora alcaldesa.*

*Señor Castro, non serei eu nin ninguén deste grupo quen negue o valor de potencia vital de Europa, especialmente desde o plano cultural, citando entre outros a Ortega, que tanto explicou as solucións da nosa sociedade e da nosa cultura desde a perspectiva continental, aínda que cando vostede se dirixe a este pleno non parece que o fai en funcións de concelleiro de cultura. Viña aquí a defender —e cito textualmente— algunhas das frases ou do contido da súa intervención, por exemplo, defender un modelo de cidade como política cultural, situarse no mapa cultural europeo do Século XXI, operar a un nivel cultural europeo ou defender unha infraestrutura de base que permita a internacionalización da política cultural, e todo isto facelo co reflexo dunha política cultural e unha xestión cultural que é indefendible, e é indefendible e podemos ademais constatalo recorrendo aos propios propósitos da Asociación Culture Action Europe á que nos propón hoxe adherirnos.*

*Primeiro, situarse, situar á cultura no centro do debate público. Este mesma mañá un xornal publica a situación dos murais de Urbano Lugrís. Que fixo como xestor cultural este concello e sobre todo*

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Señor Castro, no seré yo ni nadie de este grupo quien niegue el valor de potencia vital de Europa, especialmente desde el plano cultural, citando entre otros a Ortega, que tanto explicó las soluciones de nuestra sociedad y de nuestra cultura desde la perspectiva continental, si bien cuando usted se dirige a este pleno no parece que lo hace en funciones de concejal de cultura. Venía aquí a defender —y cito textualmente— algunas de las frases o del contenido de su intervención, por ejemplo, defender un modelo de ciudad como política cultural, situarse en el mapa cultural europeo del Siglo XXI, operar a un nivel cultural europeo o defender una infraestructura de base que permita la internacionalización de la política cultural, y todo esto hacerlo con el reflejo de una política cultural y una gestión cultural que es indefendible, y es indefendible y podemos además constatarlo recurriendo a los propios propósitos de la Asociación Culture Action Europe a la que nos propone hoy adherirnos.

Primero, situarse, situar a la cultura en el centro del debate público. Esta misma mañana un periódico publica la situación de los murales de Urbano Lugrís ¿Qué ha hecho como gestor cultural este

*como responsable no ámbito da conservación esixindo o estado dos murais de Urbano Lugrís?*

**Ás once horas e nove minutos entra no Salón de Sesións o señor Mora do Campo.**

*Segundo, fomentar o desenvolvemento democrático na Unión Europea. Traen hoxe outro asunto máis ó Pleno sen expoñer previamente con este grupo, o grupo maioritario, as necesidades respecto ó voto favorable deste asunto.*

*E o terceiro deles promover a cultura como condición necesaria para o desenvolvemento, din os propósitos da Asociación, cando vostedes veñen renunciar deliberadamente a ser Capital Europea da Cultura en 2031. Como é posible que despois de permitir que Coruña non se situase entre as catro finalistas que hoxe coñecemos e que optase ademais a unha axuda de 1,5 millóns por organizar este evento, vostedes hoxe non sintan canto menos responsabilidade polos seus actos e pola súa xestión respecto á defensa dun patrimonio que, por suposto, merece e está no nivel cultural europeo?*

*Podemos continuar, o proxecto Picasso, que tantas capacidades ofrécenos para conectar á nosa cidade con Europa e co mundo, unha das únicas cidades onde Picasso pintou, viviu, inspirouse e a primeira na que expuxo. Vostedes xestionaron algo para que haxa obra de Picasso de forma permanente nesta cidade? Non.*

*Luís Seoane, que non só conecta Europa co continente, con España e con Galicia, senón con Iberoamérica. Cal é o estado da Fundación Luís Seoane? Como membro do Padroado dígoo publicamente: levamos desde decembro á*

ayuntamiento y sobre todo como responsable en el ámbito de la conservación exigiendo el estado de los murales de Urbano Lugrís?

***A las once horas y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Mora do Campo.***

Segundo, fomentar el desarrollo democrático en la Unión Europea. Traen hoy otro asunto más al Pleno sin haber expuesto previamente con este grupo, el grupo mayoritario, las necesidades respecto al voto favorable de este asunto.

Y el tercero de ellos promover la cultura como condición necesaria para el desarrollo, dicen los propósitos de la Asociación, cuando ustedes vienen a renunciar deliberadamente a ser Capital Europea de la Cultura en 2031 ¿Cómo es posible que después de haber permitido que Coruña no se situase entre las cuatro finalistas que hoy conocemos y que hubiese optado además a una ayuda de 1,5 millones por organizar este evento, ustedes hoy no sientan cuanto menos responsabilidad por sus actos y por su gestión respecto a la defensa de un patrimonio que, por supuesto, merece y está en el nivel cultural europeo?

Podemos continuar, el proyecto Picasso, que tantas capacidades nos ofrece para conectar a nuestra ciudad con Europa y con el mundo, una de las únicas ciudades donde Picasso pintó, vivió, se inspiró y la primera en la que expuso ¿Ustedes han gestionado algo para que haya obra de Picasso de forma permanente en esta ciudad? No.

Luís Seoane, que no solo conecta Europa con el continente, con España y con Galicia, sino con Iberoamérica ¿Cuál es el estado de la Fundación Luís Seoane? Como miembro del Patronato lo digo públicamente: llevamos desde diciembre a la espera de la convocatoria. Y el legado de

*espera da convocatoria. E o legado de Salvador de Madariaga, o pai da construción europea durante a II República, representante na Sociedade de Nacións cuxo legado o doou expresamente ó Concello de Coruña. Que fixeron vostedes para promocionar ese legado?*

Salvador de Madariaga, el padre de la construcción europea durante la II República, representante en la Sociedad de Naciones cuyo legado lo donó expresamente al Ayuntamiento de Coruña ¿Qué han hecho ustedes para promocionar ese legado?

*Ademais, respondendo a unha cuestión económica e someténdonos aos principios do gasto público, eficiencia, o artigo 31.2 da Constitución Española, co buraco nas arcas públicas que vimos de coñecer respecto de este concello, moi pouco sentido ten un gasto cuxas capacidades están encima da mesa e que eu, unha vez máis, acabo de expoñer.*

Además, respondiendo a una cuestión económica y sometiéndonos a los principios del gasto público, eficiencia, el artículo 31.2 de la Constitución Española, con el agujero en las arcas públicas que venimos de conocer respecto de este ayuntamiento, muy poco sentido tiene un gasto cuyas capacidades están encima de la mesa y que yo, una vez más, acabo de exponer.

*E respecto —acabo xa, señora alcaldesa— ó Bloque Nacionalista Galego, vostedes son os cooperadores necesarios desta xestión. Sabe onde acaba o seu interese pola cultura desta cidade? Na Alcaldía de Santiago de Compostela. Unha vez máis quen permitiu o Goberno da señora Rey nos últimos anos veñen hoxe a racharse as vestiduras, en canto a que? Que fixeron na Deputación respecto á conservación dos murais de Urbano Lugrís? A Xunta si, evitou que estivesen hoxe en Vigo. Cal é o seu papel? Onde está o seu defensa do patrimonio cultural?*

Y respecto —acabo ya, señora alcaldesa— al Bloque Nacionalista Gallego, ustedes son los cooperadores necesarios de esta gestión ¿Sabe dónde acaba su interés por la cultura de esta ciudad? En la Alcaldía de Santiago de Compostela. Una vez más quienes han permitido el Gobierno de la señora Rey en los últimos años vienen hoy a rasgarse las vestiduras ¿en cuanto a qué? ¿Qué han hecho en la Diputación respecto a la conservación de los murales de Urbano Lugrís? La Xunta sí, ha evitado que estuviesen hoy en Vigo ¿Cuál es su papel? ¿Dónde está su defensa del patrimonio cultural?

*Non toleraremos, por tanto —e acabo xa—, este tipo de agresión canto menos á dignidade e a responsabilidade na xestión pública. Moitas grazas.*

No toleraremos, por tanto —y acabo ya—, este tipo de agresión cuanto menos a la dignidad y la responsabilidad en la gestión pública. Muchas gracias.

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor San Claudio. Señor Castro, ten a palabra.

*Muchas gracias, señor San Claudio. Señor Castro, tiene la palabra.*

**Señor Castro Prado**

***Señor Castro Prado***

Si, bueno, eu creo que, efectivamente,

*Sí, bueno, yo creo que, efectivamente,*

podemos debatir e discutir de moitas cuestións nas que poderemos estar de acordo ou non, ou en parte, pero o que é certo é que temos a responsabilidade de elevar, non? a mirada e, efectivamente, afrontar o futuro, afrontar o futuro de forma responsable, pero decidida. Eu podería entrar agora mesmo aquí, pero creo que hasta incluso deturparía, non? a intención, a finalidade, o obxecto desta propia iniciativa, esta proposta ó Pleno, en cuestións como que por exemplo me sorprende, non? que o Partido Popular traslade unha crítica respecto dos murais da rúa Olmos de Urbano Lugrís cando, efectivamente, son BIC e ademais propiedade da Xunta de Galicia. Non o vou facer porque, efectivamente, tamén creo que por responsabilidade institucional o que vou a seguir facendo e que vai seguir facendo este goberno liderado pola nosa alcaldesa é traballar conxuntamente coa institución que nos representa a todos os galegos para que ese espazo Lugrís se faga realidade.

Bueno, como decía, non é obxecto, non? da..., non é obxecto da proposta que se eleva ó Pleno debatir estas cuestións, aínda que, bueno, creo que é interesante que as fagan constar porque, efectivamente, sempre hai que mellorar, pero eu o que fago é un chamamento ó seguinte: á responsabilidade, a elevar, como decía, non? a mirada, a perspectiva e ter claro que as cidades que lideran non son as que agardan e sobre todo as que non teñen, digamos, a capacidade de conectarse co futuro, o futuro que só é un sitio dende onde ollar ó hoxe, ó presente, como diría o poeta. As cidades, como decía, deben de conectarse con aquelas iniciativas que camiñan desde o presente cara a ese futuro, onde están precisamente as decisións que lle afectan, neste caso no ámbito cultural, de forma absolutamente estratéxica.

Coruña debe decidir estar, debe decidir

*podemos debatir y discutir de muchas cuestiones en las que podremos estar de acuerdo o no, o en parte, pero lo que es cierto es que tenemos la responsabilidad de elevar, ¿no? la mirada y, efectivamente, afrontar el futuro, afrontar el futuro de forma responsable, pero decidida. Yo podría entrar ahora mismo aquí, pero creo que hasta incluso desvirtuaría, ¿no? la intención, la finalidad, el objeto de esta propia iniciativa, esta propuesta al Pleno, en cuestiones como que por ejemplo me sorprende, ¿no? que el Partido Popular traslade una crítica respecto a los murales de la calle Olmos de Urbano Lugrís cuando, efectivamente, son BIC y además propiedad de la Xunta de Galicia. No lo voy a hacer porque, efectivamente, también creo que por responsabilidad institucional lo que voy a seguir haciendo y que va a seguir haciendo este gobierno liderado por nuestra alcaldesa es trabajar conjuntamente con la institución que nos representa a todos los gallegos para que ese espacio Lugrís se haga realidad.*

*Bueno, como decía, no es objeto, ¿no? de la..., no es objeto de la propuesta que se eleva al Pleno debatir estas cuestiones, aunque, bueno, creo que es interesante que las hagan constar porque, efectivamente, siempre hay que mejorar, pero yo lo que hago es un llamamiento a lo siguiente: a la responsabilidad, a elevar, como decía, ¿no? la mirada, la perspectiva y tener claro que las ciudades que lideran no son las que esperan y sobre todo las que no tienen, digamos, la capacidad de conectarse con el futuro, el futuro que solo es un sitio desde donde mirar al hoy, al presente, como diría el poeta. Las ciudades, como decía, deben conectarse con aquellas iniciativas que caminan desde el presente hacia ese futuro, donde están precisamente las decisiones que le afectan, en este caso en el ámbito cultural, de forma absolutamente estratégica.*

*Coruña debe decidir estar, debe decidir*

formar parte das redes que están a definir o futuro da cultura en Europa, con ambición, con responsabilidade, con vocación de servizo público, e creo que, efectivamente, o desexable, o agardable, o responsable sería que esto tivese o apoio unánime de toda a Corporación porque é unha decisión que nos supera e supera a calquera mandato municipal e a calquera goberno, unha decisión que reforza o posicionamento europeo da cidade, que abre novas oportunidades para o seu ecosistema cultural público e tamén privado, e fundamentalmente tamén é quen sitúa A Coruña no lugar que lle corresponde, no centro de Europa porque, efectivamente, si, apostar pola cultura é apostar polo futuro e hoxe, como sempre, máis que nunca, e o futuro, como dicía na primeira intervención, ten e debe pasar por Europa.

*formar parte de las redes que están definiendo el futuro de la cultura en Europa, con ambición, con responsabilidad, con vocación de servicio público, y creo que, efectivamente, lo deseable, lo esperable, lo responsable sería que esto tuviera el apoyo unánime de toda la Corporación porque es una decisión que nos supera y supera a cualquier mandato municipal y a cualquier gobierno, una decisión que refuerza el posicionamiento europeo de la ciudad, que abre nuevas oportunidades para su ecosistema cultural público y también privado, y fundamentalmente también es quien sitúa A Coruña en el lugar que le corresponde, en el centro de Europa porque, efectivamente, sí, apostar por la cultura es apostar por el futuro y hoy, como siempre, más que nunca, y el futuro, como decía en la primera intervención, tiene y debe pasar por Europa.*

Deberiamos estar á altura do que precisa a nosa cidade, do que precisa o noso país, do que precisa a Europa da que formamos parte e do que precisa a cidadanía, que é a construción, precisamente e tamén neste caso, desde a cultura polo seu valor de cohesión social, o seu valor transversal na construción dunha Europa máis xusta e, como decía na anterior intervención, salvagarda de dereitos culturais e tamén sociais e cívicos, e colectivos tamén, e absolutamente esenciais. Por eso creo que deberiamos apoiar esta iniciativa, volvo a decir, incluso se se me permite utilizar para finalizar esa frase que se atribuía a Churchill, pero que eu creo que era de Otto Von Bismarck, de que esto non é un estado, non? Alguén falou en algún momento de que era un estado-cidade. Non, esto non é un estado, é unha cidade, pero podemos utilizar esa frase para decir que, efectivamente, o estadista non pensa nas seguintes eleccións, pensa fundamentalmente e sobre todo na seguinte **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de**

*Deberíamos estar a la altura de lo que necesita nuestra ciudad, de lo que necesita nuestro país, de lo que necesita la Europa de la que formamos parte y de lo que necesita la ciudadanía, que es la construcción, precisamente y también en este caso, desde la cultura por su valor de cohesión social, su valor transversal en la construcción de una Europa más justa y, como decía en la anterior intervención, salvaguarda de derechos culturales y también sociales y cívicos, y colectivos también, y absolutamente esenciales. Por eso creo que deberíamos apoyar esta iniciativa, vuelvo a decir, incluso si se me permite utilizar para finalizar esa frase que se atribuía a Churchill, pero que yo creo que era de Otto Von Bismarck, de que esto no es un estado, ¿no? Alguien habló en algún momento de que era un estado-ciudad. No, esto no es un estado, es una ciudad, pero podemos utilizar esa frase para decir que, efectivamente, el estadista no piensa en las siguientes elecciones, piensa fundamentalmente y sobre todo en la siguiente* ***(se oye una señal acústica***

**intervención)** (...).

*indicativa de la finalización del tiempo de intervención) (...).*

**Presidencia**

Síntoo moito por Churchill, seguramente que non dixo iso, como non dixo as 700 frases que se lle atribúen, pero bueno, en todo caso remata o debate, moitas grazas.

*Lo siento mucho por Churchill, seguramente que no dijo eso, como no dijo las 700 frases que se le atribuyen, pero bueno, en todo caso termina el debate, muchas gracias.*

Procedemos á votación deste asunto.

*Procedemos a la votación de este asunto.*

**Votación do asunto número seis**

***Votación del asunto número seis***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número seis relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número seis relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

Abstense o Grupo municipal do Partido Popular (11 abstencións)

*Se abstiene el Grupo municipal del Partido Popular (11 abstenciones)*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

Abstense o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 abstencións)

*Se abstiene el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 abstenciones)*

**Presidencia**

Ben, pois decae o asunto.

*Bien, pues decae el asunto.*

**II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:**

***II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

Pasamos á Parte Non Resolutiva, de control e seguimento da xestión. Señor secretario.

*Pasamos a la Parte No Resolutiva, de control y seguimiento de la gestión. Señor secretario.*

**55. 1º. Ter coñecemento:**

***55. 1º. Tomar conocimiento:***

- Das resolucións da Xunta de Goberno Local, dende a número tres mil quiñentos

*- De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número tres mil*

trinta e catro (3.534) do 2 de marzo de 2026 á número cinco mil oitocentos tres (5.803) do 5 de abril de 2026.

*quinientos treinta y cuatro (3.534) de 2 de marzo de 2026 a la número cinco mil ochocientos tres (5.803) de 5 de abril de 2026.*

- Dos decretos da Alcaldía, dende o número mil douscentos cincuenta e dous (1.252) do 2 de marzo de 2026 ó número dous mil douscentos vinte e catro (2.224) do 5 de abril de 2026.

*- De los decretos de la Alcaldía, desde el número mil doscientos cincuenta y dos (1.252) de 2 de marzo de 2026 al número dos mil doscientos veinticuatro (2.224) de 5 de abril de 2026.*

**Señor Secretario**

A continuación, mocións, rogos e preguntas.

***Señor Secretario***

*A continuación, mociones, ruegos y preguntas.*

**2º. Mocións.**

***2º. Mociones.***

**MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

***MOCIONES PRESENTADASPOR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

**Debate conxunto e votación separada das seguintes mocións:**

***Debate conjunto y votación separada de las siguientes mociones:***

**Primeira. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á posición do Concello da Coruña de cara as negociacións no Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galiza. Sobre esta moción consta presentada unha emenda polo Grupo municipal do Partido Popular.**

***Primera. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego relativa a la posición del Ayuntamiento de A Coruña de cara las negociaciones en el Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galicia. Sobre esta moción consta presentada una enmienda por el Grupo municipal del Partido Popular.***

**Segunda. Moción do Grupo municipal do Partido Popular relativa a Alvedro.**

***Segunda. Moción del Grupo municipal del Partido Popular relativa a Alvedro.***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

Ben, pois pasamos xa —pode saír—, pasamos xa á primeira das mocións presentadas polo BNG que é relativa á posición do Concello da Coruña no Comité de Coordinación Aeroportuaria e vaise debater conxuntamente coa segunda das presentadas polo Grupo Popular sobre Alvedro, e polo tanto

***Presidencia***

*Bien, pues pasamos ya —puede salir—, pasamos ya a la primera de las mociones presentadas por el BNG que es relativa a la posición del Ayuntamiento de A Coruña en el Comité de Coordinación Aeroportuaria y se va a debatir conjuntamente con la segunda de las presentadas por el Grupo Popular sobre*

haberá catro minutos para a defensa destas mocións. A votación será —moitas grazas—, a votación será por separado, evidentemente. Así que, señor Soto, ten vostede a palabra para o comezo do debate.

*Alvedro, y por lo tanto habrá cuatro minutos para la defensa de estas mociones. La votación será —muchas gracias—, la votación será por separado, evidentemente. Así que, señor Soto, tiene usted la palabra para el comienzo del debate.*

**Ás once horas e dezaoito minutos sae do Salón de Sesións o señor Vázquez Martínez.**

***A las once horas y dieciocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Vázquez Martínez.***

**Señor Soto Díaz**

***Señor Soto Díaz***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Presentamos esta moción porque a situación, como ben saben, é crítica no que lle fai a Alvedro. Calquera persoa que teña voado nos últimos meses sabe que para ir a moitos lugares o mellor é ir ata Oporto ou facer transbordo en Madrid agardando horas ás veces en Barajas para poder coller o seguinte enlace, mesmo tendo que durmir no aeroporto ou nos espazos próximos en moitos casos.

*Presentamos esta moción porque la situación, como bien saben, es crítica en lo que hace a Alvedro. Cualquier persona que haya volado en los últimos meses sabe que para ir a muchos lugares lo mejor es ir hasta Oporto o hacer trasbordo en Madrid esperando horas a veces en Barajas para poder coger el siguiente enlace, 52ncluso teniendo que dormir en el aeropuerto o en los espacios próximos en muchos casos.*

Cal é a razón diso? A razón é que temos moitos aeroportos en Galiza? Pois evidentemente que non. A situación en Euskadi, que é un país moi similar ó noso, é totalmente diferente, hai tres aeroportos comerciais funcionando a pleno rendemento; na Bretaña, tamén un país de tamaño similar ó noso temos catro aeroportos comerciais funcionando a pleno rendemento. En fin, non ten sentido propoñer o peche de ningún aeroporto galego por tratarse de infraestruturas que xa están amortizadas e cunha demanda consolidada. Ademais, a distribución xeográfica dos servizos públicos favorece, ó noso entender, a cohesión territorial.

*¿Cuál es la razón de eso? ¿La razón es que tenemos muchos aeropuertos en Galicia? Pues evidentemente que no. La situación en Euskadi, que es un país muy similar a nuestro, es totalmente diferente, hay tres aeropuertos comerciales funcionando a pleno rendimiento; en Bretaña, también un país de tamaño similar al nuestro tenemos cuatro aeropuertos comerciales funcionando a pleno rendimiento. En fin, no tiene sentido proponer el cierre de ningún aeropuerto gallego por tratarse de infraestructuras que ya están amortizadas y con una demanda consolidada. Además, la distribución geográfica de los servicios públicos favorece, a nuestro entender, la cohesión territorial.*

A causa da situación actual haina que buscar na falta dunha política aeroportuaria galega digna de tal nome. O que temos a día de hoxe é un reino de

*A causa de la situación hay que buscarla en la falta de una política aeroportuaria gallega digna de tal nombre. Lo que tenemos a día de hoy es un reino de taifas*

taifas en que cada cidade con aeroporto está encargada de negociar coas aeroliñas para atraer novas conexións. En que desemboca isto? Pois en que sexan habituais os solapamentos de conexións, en que se perdan conexións por falta de financiamento por parte dos concellos, en que ó actuar de forma independente pérdese competitividade e forza de negociación e que por iso os voos que teñamos sexan en horarios intempestivos e non podamos optar a mellores e novas conexións. En definitiva, o resultado é un servizo deficiente e ineficiente que paga toda a cidadanía galega.

*en que cada ciudad con aeropuerto está encargada de negociar con las aerolíneas para atraer nuevas conexiones ¿En qué desemboca esto? Pues en que sean habituales los solapamientos de conexiones, en que se pierdan conexiones por falta de financiación por parte de los ayuntamientos, en que al actuar de forma independiente se pierde competitividad y fuerza de negociación y que por ello los vuelos que tengamos sean en horarios intempestivos y no podamos optar a mejores y nuevas conexiones. En definitiva, el resultado es un servicio deficiente e ineficiente que paga toda la ciudadanía gallega.*

O que precisamos para superar dunha vez esta situación é, como dixen, unha política aeroportuaria coordinada. E quen debe coordinar unha política aeroportuaria a nivel galego? Será Aena? Será o Concello da Coruña? Será a Unión Europea? Non. Unha vez máis debe ser a Xunta de Galiza, unha xunta que nunca se preocupou de coordinar esa política aeroportuaria porque carece dunha propiedade fundamental, que é a visión de país.

*Lo que necesitamos para superar de una vez esta situación es, como dije, una política aeroportuaria coordinada. Y ¿quién debe coordinar una política aeroportuaria a nivel gallego? ¿será Aena? ¿será el Ayuntamiento de A Coruña? ¿será a Unión Europea? No. Una vez más debe ser la Xunta de Galicia, una xunta que nunca se preocupó de coordinar esa política aeroportuaria porque carece de una propiedad fundamental, que es la visión de país.*

Miren, en Asturias é o Goberno autonómico o que financia as aeroliñas. Aquí, a Xunta nin está nin se lle espera, de feito presentan vostedes unha moción..., bueno, unha emenda á nosa moción, para eliminar esa demanda que incluímos na nosa e eu pregúntolles: canto pon o Concello de Arteixo para financiar aeroliñas? Ou é que acaso ningún veciño en Arteixo é usuario de Alvedro? Por que debe asumir o Concello da Coruña en solitario unha función que excede por completo das súas competencias? Por que insisten vostedes en encubrir a falta de ambición e programa do Partido Popular en Galiza? Por que poñen vostedes por encima ó señor Rueda sobre a cidade da Coruña?

*Miren, en Asturias es el Gobierno autonómico el que financia las aerolíneas. Aquí, la Xunta ni está ni si la espera, de hecho presentan ustedes una moción..., bueno, una enmienda a nuestra moción, para eliminar esa demanda que incluimos en la nuestra y yo les pregunto: ¿cuánto pone el Ayuntamiento de Arteixo para financiar aerolíneas? ¿O es que acaso ningún vecino en Arteixo es usuario de Alvedro? ¿Por qué debe asumir el Ayuntamiento de A Coruña en solitario una función que excede por completo de sus competencias? ¿Por qué insisten ustedes en encubrir la falta de ambición y programa del Partido Popular en Galicia? ¿Por qué ponen ustedes por encima al señor Rueda sobre la ciudad de A Coruña?*

Creo que lle deben unha explicación, non a este pleno, senón a toda a veciñanza desta cidade pola emenda que están vostedes presentando a día de hoxe á nosa moción. Como, repetimos, a política, a coordinación da política aeroportuaria galega debe facerse a nivel galego e con visión de país. Explíquenlle á veciñanza desta cidade como é posible, ademais, que o señor Diego Calvo anuncie a intención da Xunta de financiar as conexións nos tres aeroportos galegos e agora veñan vostedes a semana seguinte a dicir que nada diso, que van seguir sendo os coruñeses e as coruñesas cos seus impostos os encargados de facelo.

*Creo que le deben una explicación, no a este pleno, sino a todo la vecindad de esta ciudad por la enmienda que están ustedes presentando a día de hoy a nuestra moción. Como, repetimos, la política, la coordinación de la política aeroportuaria gallega debe hacerse a nivel gallego y con visión de país. Explíquenle a la vecindad de esta ciudad cómo es posible, además, que el señor Diego Calvo anuncie la intención de la Xunta de financiar las conexiones en los tres aeropuertos gallegos y ahora vengan ustedes la semana siguiente a decir que nada de eso, que van a seguir siendo los coruñeses y las coruñesas con sus impuestos los encargados de hacerlo.*

Nós propuxemos esta moción porque vimos con bos ollos a creación do grupo de traballo interadministrativo para impulsar a Comisión de Coordinación Aeroportuaria e por iso queríamos vir aquí a debater cal debe ser a posición do Goberno local nese grupo de traballo e vostedes veñen aquí para boicotear que todo isto poda chegar a bo porto, ou ó Aeroporto, se prefiren. Alá vostedes.

*Nosotros propusimos esta moción porque vimos con buenos ojos la creación del grupo de trabajo interadministrativo para impulsar la Comisión de Coordinación Aeroportuaria y por ello queríamos venir aquí a debatir cuál debe ser la posición del Gobierno local en ese grupo de trabajo y ustedes vienen aquí para boicotear que todo esto pueda llegar a buen puerto, o al Aeropuerto, si prefieren. Allá ustedes.*

Nós vimos defender esta moción para que o Goberno local da Coruña cando sente negociar nese grupo de traballo defenda que a Xunta debe asumir a coordinación da política aeroportuaria galega; para que o Goberno local exixa un trato equitativo entre os tres aeroportos e que vele para que ninguén obstaculice o potencial crecemento de Alvedro; para que o Goberno local da Coruña defenda nese grupo de traballo que é a Xunta a que debe impulsar novas conexións aéreas e poñer cartos para iso; para que o Goberno local da Coruña traslade que é necesario impulsar a intermodalidade para conectar máis rápido as cidades de Galiza cos seus aeroportos; para que o Goberno local da Coruña lle exixa a Aena os investimentos necesarios para que os aeroportos galegos optimicen a súa oferta; para que o

*Nosotros venimos a defender esta moción para que el Gobierno local de A Coruña cuando se siente negociar en ese grupo de trabajo defienda que la Xunta debe asumir la coordinación de la política aeroportuaria gallega; para que el Gobierno local exija un trato equitativo entre los tres aeropuertos y que vele para que nadie obstaculice el potencial crecimiento de Alvedro; para que el Gobierno local de A Coruña defienda en ese grupo de trabajo que es la Xunta la que debe impulsar nuevas conexiones aéreas y poner dinero para eso; para que el Gobierno local de A Coruña traslade que es necesario impulsar la intermodalidad para conectar más rápido las ciudades de Galicia con sus aeropuertos; para que el Gobierno local de A Coruña le exija a Aena las inversiones necesarias para que*

Goberno local da Coruña, en fin, lle exixa a Fomento e á Xunta que se melloren as comunicacións entre Lugo e Alvedro e entre Ferrol e Alvedro.

*los aeropuertos gallegos optimicen su oferta; para que el Gobierno local de A Coruña, en fin, le exija a Fomento y a la Xunta que se mejoren las comunicaciones entre Lugo y Alvedro y entre Ferrol y Alvedro.*

Por favor, estean á altura, que temos nesta cidade un aeroporto cun potencial enorme, pero maltratado, maltratado por un goberno central que entre outras cousas permite a explotación dos controladores aéreos da Coruña; maltratado por un goberno autonómico que nunca velou por Alvedro; en fin, maltratado **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** por unha (...) que é, unha vez máis, a visión de país.

*Por favor, estén a la altura, que tenemos en esta ciudad un aeropuerto con un potencial enorme, pero maltratado, maltratado por un gobierno central que entre otras cosas permite la explotación de los controladores aéreos de A Coruña; maltratado por un gobierno autonómico que nunca veló por Alvedro; en fin, maltratado* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *por una (...) que es, una vez más, la visión de país.*

Pido o seu voto favorable para a nosa moción porque iso sería solucionar os problemas da xente que é para o que estamos aquí, e anuncio que votaremos en contra da emenda de substitución do Partido Popular porque aquí non estamos para meter problemas por debaixo da alfombra nin para marear a xente con ocorrencias. Grazas.

*Pido su voto favorable para nuestra moción porque eso sería solucionar los problemas de la gente que es para lo que estamos aquí, y anuncio que votaremos en contra de la enmienda de sustitución del Partido Popular porque aquí no estamos para meter problemas por debajo de la alfombra ni para marear a la gente con ocurrencias. Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Soto —pode pasar, señor Vázquez—. Turno do Partido Popular, señor Mora.

*Muchas gracias, señor Soto —puede pasar, señor Vázquez—. Turno del Partido Popular, señor Mora.*

**Ás once horas e vinte e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Vázquez Martínez.**

***A las once horas y veintitrés minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Vázquez Martínez.***

***Señor Mora do Campo***

**Señor Mora do Campo**

*Moitas grazas. Bo día a todos.*

Muchas gracias. Buenos días a todos.

*Miren, como todos vostedes saben e entre vostedes viñémolo dicindo de xeito reiterado ó longo deste mandato, o Aeroporto de Alvedro é unha cuestión que preocupa moito ó meu grupo*

Miren, como todos ustedes saben y entre ustedes lo hemos venido diciendo de manera reiterada a lo largo de este mandato, el Aeropuerto de Alvedro es una cuestión que preocupa mucho a mi grupo

*municipal co seu portavoz á fronte. Son numerosas as reunións que mantivemos con persoas e colectivos de distintos ámbitos para abordar a situación presente e o futuro inmediato e nelas sempre hai un denominador común: é estratéxico contar cun aeroporto que poida ofrecer as mellores condicións tanto ós usuarios, ós seus traballadores e ás compañías que poidan operar nel, pero hai outro denominador común: a señora Rey non impulsa ningunha mellora nin lidera ningunha iniciativa.*

municipal con su portavoz al frente. Son numerosas las reuniones que hemos mantenido con personas y colectivos de distintos ámbitos para abordar la situación presente y el futuro inmediato y en ellas siempre hay un denominador común: es estratégico contar con un aeropuerto que pueda ofrecer las mejores condiciones tanto a los usuarios, a sus trabajadores y a las compañías que puedan operar en él, pero hay otro denominador común: la señora Rey no impulsa ninguna mejora ni lidera ninguna iniciativa.

*Miren, os católicos acabamos de celebrar a Pascua, o paso da morte á vida. Pois ben, Inés Rey deulle un novo significado a este termo e a partir de agora, en coruño, a Pascua é xustamente o contrario, onde había vida agora hai morte. Durante o mandato de Inés Rey os coruñeses tiñamos vida no voo a Londres-Heathrow e ela quitóunola; durante o mandato de Inés Rey os coruñeses tiñamos vida no voo a Sevilla e ela quitóunola; durante o mandato de Inés Rey os coruñeses tiñamos vida no voo a Bilbao e ela quitóunola; durante o mandato de Inés Rey os coruñeses tiñamos vida no voo a Londres-Gatwick e ela quitóunola; durante o mandato de Inés Rey os coruñeses tiñamos vida no voo a Málaga e o Xoves Santo ela quitóunola; durante o mandato de Inés Rey os coruñeses tiñamos vida no voo a Málaga e o Venres Santo ela quitóunola; durante o mandato de Inés Rey os coruñeses tiñamos vida no voo a Valencia e ela quitóunola; durante o mandato de Inés Rey ós coruñeses prometéronnos que teriamos vida no voo a Ámsterdam, pero ela nunca nola deu.*

Miren, los católicos acabamos de celebrar la Pascua, el paso de la muerte a la vida. Pues bien, Inés Rey le ha dado un nuevo significado a este término y a partir de ahora, en coruño, la Pascua es justamente lo contrario, donde había vida ahora hay muerte. Durante el mandato de Inés Rey los coruñeses teníamos vida en el vuelo a Londres-Heathrow y ella nos la quitó; durante el mandato de Inés Rey los coruñeses teníamos vida en el vuelo a Sevilla y ella nos la quitó; durante el mandato de Inés Rey los coruñeses teníamos vida en el vuelo a Bilbao y ella nos la quitó; durante el mandato de Inés Rey los coruñeses teníamos vida en el vuelo a Londres-Gatwick y ella nos la quitó; durante el mandato de Inés Rey los coruñeses teníamos vida en el vuelo a Málaga y el Jueves Santo ella nos la quitó; durante el mandato de Inés Rey los coruñeses teníamos vida en el vuelo a Málaga y el Viernes Santo ella nos la quitó; durante el mandato de Inés Rey los coruñeses teníamos vida en el vuelo a Valencia y ella nos la quitó; durante el mandato de Inés Rey a los coruñeses nos prometieron que tendríamos vida en el vuelo a Amsterdam, pero ella nunca nos la dio.

*Señora Rey, neste concello temos que chegar sempre a situacións límite para que vostedes reaccionen, pero parece que neste caso nin así. Nos últimos anos*

Señora Rey, en este ayuntamiento tenemos que llegar siempre a situaciones límite para que ustedes reaccionen, pero parece que en este caso ni así. En los últimos años hemos

*perdemos seis rutas aéreas e nin pestanexa. O único para o que se moveu é para botar balóns fóra.*

*Miren, como saben, o Aeroporto de Alvedro é de interese nacional, en consecuencia, a súa titularidade, a das súas instalacións, pertence ó Estado e o mesmo pasa coas competencias de transporte aéreo neste tipo de aeroportos, e a pesar de isto vostede, como non quere ou non sabe deseñar o futuro da cidade, unha vez máis ten que acudir á Xunta de Galicia para que lle resolva a papeleta. Miúda papeleta a súa, señora Rey. Vostede ten un problema na cidade coa vivenda e veu a Xunta a dar solucións aos cidadáns; vostede ten un problema co deseño futuro da cidade e veu o Porto a lideralo; vostede ten un problema coa actividade aérea e terrestre da cidade e só mira para abaixo.*

*Xa nos decatamos que vostede meteu ó Concello nunha situación económica complicada da que non queren dar explicacións e as consecuencias poden ser graves.*

*Os coruñeses temos sorte de que a Xunta, aínda non tendo as competencias nos aeroportos de interese nacional, si ten interese en que os cidadáns e as empresas poidan ter a mellor oferta posible e por iso organizou o grupo de traballo de conectividade e xa puxo sobre a mesa a súa proposta. A súa, señora Rey, aínda a estamos esperando. Fágaa porque se non a fai daranlla feita, pero a dúbida agora é se poderá, permitirao a situación económica do Concello? Algo, por outra banda, que parece que satisfai ó BNG, que na súa moción pretende acordar que sexa a Xunta de Galicia directamente quen asine os convenios correspondentes.*

*Miren, desde o Partido Popular*

perdido seis rutas aéreas y ni pestañea. Lo único para lo que se ha movido es para echar balones fuera.

Miren, como saben, el Aeropuerto de Alvedro es de interés nacional, en consecuencia, su titularidad, la de sus instalaciones, pertenece al Estado y lo mismo pasa con las competencias de transporte aéreo en este tipo de aeropuertos, y pese a esto usted, como no quiere o no sabe diseñar el futuro de la ciudad, una vez más tiene que acudir a la Xunta de Galicia para que le resuelva la papeleta. Menudo papelón el suyo, señora Rey. Usted tiene un problema en la ciudad con la vivienda y ha venido la Xunta a dar soluciones a los ciudadanos; usted tiene un problema con el diseño futuro de la ciudad y ha venido el Puerto a liderarlo; usted tiene un problema con la actividad aérea y terrestre de la ciudad y solo mira para abajo.

Ya nos enteramos que usted ha metido al Ayuntamiento en una situación económica complicada de la que no quieren dar explicaciones y las consecuencias pueden ser graves.

Los coruñeses tenemos suerte de que la Xunta, aún no teniendo las competencias en los aeropuertos de interés nacional, sí tiene interés en que los ciudadanos y las empresas puedan tener la mejor oferta posible y por ello organizó el grupo de trabajo de conectividad y ya puso sobre la mesa su propuesta. La suya, señora Rey, todavía la estamos esperando. Hágala porque si no la hace se la darán hecha, pero la duda ahora es si podrá ¿lo permitirá la situación económica del Ayuntamiento? Algo, por otra parte, que parece que satisface al BNG, que en su moción pretende acordar que sea la Xunta de Galicia directamente quien firme los convenios correspondientes.

Miren, desde el Partido Popular abogamos

*avogamos e non podemos renunciar á autonomía e ó liderado municipal, aínda que sexa aínda Inés Rey quen estea a cargo deste concello, e é precisamente ese liderado o que debe exercer a señora Rey para esixir unhas infraestruturas aeroportuarias acordes ó ano no que vivimos e ós datos que presenta Alvedro na actualidade. O Plan Director do aeroporto pon de manifesto as necesidades e as actuacións que hai que levar a cabo para poder operar nunhas condicións mínimas, un plan director aprobado en 2022, con vostede xa de alcaldesa e os seus compañeiros de partido no Goberno central e, que se fixo? Nada Que se reclamou? 800 $m^2$. Está aprobado todo un plan director e vostedes confórmanse e se gaban de conseguir unha ampliación de 800 $m^2$, algo así como un espazo para albergar nove pisiños reformados sen licenza.*

*A inauguración da terminal reformada e ampliada en Labacolla foi en 2011, a de Peinador en 2014, ambas as neste século, na década anterior. A inauguración da terminal de Alvedro xa é do século pasado, hai máis de tres décadas. Peinador ten bastantes menos pasaxeiros que Alvedro, pero a súa terminal é máis do triplo de grande, é entendible.*

*Non se enganen e intenten facelo ós coruñeses, as únicas obras* (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**)*, as únicas obras que se farán na nosa terminal non son para mellorar a súa capacidade, senón para facer un arranxo puntual obrigado pola normativa europea.*

*Señora Rey, aínda é alcaldesa, faga o seu traballo e intente non darme a razón cando digo que a vostede traballar estrágalle o día.*

*Por todo iso, o Grupo municipal presenta a moción rexistrada. Moitas grazas.*

y no podemos renunciar a la autonomía y al liderazgo municipal, aunque sea todavía Inés Rey quien esté al frente de este ayuntamiento, y es precisamente ese liderazgo el que debe ejercer la señora Rey para exigir unas infraestructuras aeroportuarias acordes al año en el que vivimos y a los datos que presenta Alvedro en la actualidad. El Plan Director del aeropuerto pone de manifiesto las necesidades y las actuaciones que hay que llevar a cabo para poder operar en unas condiciones mínimas, un plan director aprobado en 2022, con usted ya de alcaldesa y sus compañeros de partido en el Gobierno central y ¿qué se ha hecho? Nada ¿Qué se ha reclamado? 800 $m^2$. Está aprobado todo un plan director y ustedes se conforman y se ufanan de haber conseguido una ampliación de 800 m2, algo así como un espacio para albergar nueve pisitos reformados sin licencia.

La inauguración de la terminal reformada y ampliada en Labacolla fue en 2011, la de Peinador en 2014, ambas en este siglo, en la década anterior. La inauguración de la terminal de Alvedro ya es del siglo pasado, hace más de tres décadas. Peinador tiene bastantes menos pasajeros que Alvedro, pero su terminal es más del triple de grande, es entendible.

No se engañen e intenten hacerlo a los coruñeses, las únicas obras ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***, las únicas obras que se harán en nuestra terminal no son para mejorar su capacidad, sino para hacer un arreglo puntual obligado por la normativa europea.

Señora Rey, todavía es alcaldesa, haga su trabajo e intente no darme la razón cuando digo que a usted trabajar le estropea el día.

Por todo ello, el Grupo municipal presenta la moción registrada. Muchas gracias.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Mora. Turno do señor Castro.

**Señor Castro Prado**

Bueno, eu non son moito de maximalismos, pero se tivese que facer, así, un titular do que se leva escoitado, eu optaría polo seguinte: o Grupo municipal do Partido Popular en contra da coordinación aeroportuaria. É evidente, cando incluso se presenta unha emenda que o que pretende é trasladar a responsabilidade do Goberno da Xunta da coordinación aeroportuaria ó Concello da Coruña. Eu, sinceiramente, cando estamos nun momento no que se ten avanzado con seriedade, con responsabilidade nun traballo conxunto por parte de institucións e de entidades económicas deste país na coordinación aeroportuaria, como ben saben porque o temos incluso comentado no Consorcio de Turismo, cando no Comité de Coordinación aeroportuaria se decide crear un grupo de traballo con participación tanto de Aena como da Dirección General de Aviación Civil, a Xunta de Galicia, as deputacións provinciais, os concellos, digamos, máis directamente relacionados, non con competencias sobre os aeroportos, pero relacionados social e economicamente cos aeroportos, non?, co Clúster de Turismo, coas cámaras de comercio, coa Confederación de Empresarios, etcétera, e se está a traballar nun grupo que precisamente se chama Grupo de Traballo de Coordinación Aeroportuaria, aquí se vén para atrás e ademais se emenda ó propio Goberno da Xunta que acaba de anunciar —veremos en que se concreta iso, non? eu, hasta que non vexa, efectivamente, a concreción tampouco podo dicir nada—, acaba de anunciar a creación dunhas bolsas, non?, para a

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Mora. Turno del señor Castro.*

***Señor Castro Prado***

*Bueno, yo no soy mucho de maximalismos, pero si tuviera que hacer, así, un titular de lo que se lleva escuchado, yo optaría por el siguiente: el Grupo municipal del Partido Popular en contra de la coordinación aeroportuaria. Es evidente, cuando incluso se presenta una enmienda que lo que pretende es trasladar la responsabilidad del Gobierno de la Xunta de la coordinación aeroportuaria al Ayuntamiento de A Coruña. Yo, sinceramente, cuando estamos dentro de un momento en el que se ha avanzado con seriedad, con responsabilidad en un trabajo conjunto por parte de instituciones y de entidades económicas de este país en la coordinación aeroportuaria, como bien saben porque lo hemos incluso comentado en el Consorcio de Turismo, cuando en el Comité de Coordinación aeroportuaria se decide crear un grupo de trabajo con participación tanto de Aena como de la Dirección General de Aviación Civil, la Xunta de Galicia, las diputaciones provinciales, los ayuntamientos, digamos, más directamente relacionados, no con competencias sobre los aeropuertos, pero relacionados social y económicamente con los aeropuertos ¿no?, con el Clúster de Turismo, con las cámaras de comercio, con la Confederación de Empresarios, etcétera, y se está trabajando en un grupo que precisamente se llama Grupo de Trabajo de Coordinación Aeroportuaria, aquí se viene para atrás y además se enmienda al propio Gobierno de la Xunta que acaba de anunciar —veremos en qué se concreta eso ¿no? yo, hasta que no vea, efectivamente, la concreción tampoco podo decir nada—, acaba de anunciar la creación de unas bolsas ¿no?, para la*

promoción de conexión, de conectividade aeroportuaria e aquí se nos di que *no, no, que o pague o Concello*, que o pague o Concello, que a Xunta non asuma o papel que ten que asumir, neste caso de coordinación aeroportuaria.

*promoción de conexión, de conectividad aeroportuaria y aquí se nos dice que* no, no, que lo pague el Ayuntamiento*, que lo pague el Ayuntamiento, que la Xunta no asuma el papel que tiene que asumir, en este caso de coordinación aeroportuaria.*

Mentres tanto vivimos situacións tan rocambolescas, tan anómalas como que dous aeroportos como Alvedro e Labacolla, que xa non é que estea na mesma comunidade, senón que está na mesma provincia, vivan de costas, cando eu creo que o concepto máis racional, e así incluso o teño comentado co compañeiro concelleiro do BNG, Soto, compañeiro Soto, o máis racional sería incluso ter un concepto de ambos aeroportos case como único aeroporto con dúas terminais. Creo que, efectivamente, aínda que dito así parece unha reflexión, pois bastante atrevida, creo que ten toda a lóxica do mundo nun contexto no que, efectivamente, a distancia que separa Labacolla da Coruña en termos comparativos e do que é a mobilidade no día de hoxe, creo que fan de Labacolla tamén un aeroporto da Coruña.

*Mientras tanto vivimos situaciones tan rocambolescas, tan anómalas como que dos aeropuertos como Alvedro y Labacolla, que ya no es que esté en la misma comunidad, sino que está en la misma provincia, vivan de espaldas, cuando yo creo que el concepto más racional, y así incluso lo he comentado con el compañero concejal del BNG, Soto, compañero Soto, lo más racional sería incluso tener un concepto de ambos aeropuertos casi como único aeropuerto con dos terminales. Creo que, efectivamente, aunque dicho así parece una reflexión, pues bastante atrevida, creo que tiene toda la lógica del mundo en un contexto en el que, efectivamente, la distancia que separa Labacolla de A Coruña en términos comparativos y de lo que es la movilidad en el día de hoy, creo que hacen de Labacolla también un aeropuerto de A Coruña.*

Que quero dicir con isto? Do que deberiamos estar falando aquí é, primeiro, de mellora da conexión, efectivamente, cos aeroportos, a nivel de mobilidade e de infraestruturas, competencia da Xunta. É incrible que non haxa un tren lanzadeira, por exemplo, a Labacolla, iso é incrible a día de hoxe, competencia da Xunta. A mobilidade, mellorar a mobilidade tamén e acceso a Alvedro. Ter en conta que o Aeroporto de Alvedro non é o aeroporto da Coruña, é o aeroporto da súa área metropolitana, é o aeroporto de Ferrolterra, dunha parte de Lugo, dunha grande parte da Costa da Morte, etcétera. Ou temos claro iso ou non sei cara a onde imos avanzar.

*¿Qué quiero decir con esto? De lo que deberíamos estar hablando aquí es, primero, de avance de la conexión, efectivamente, con los aeropuertos, a nivel de movilidad y de infraestructuras, competencia de la Xunta. Es increíble que no haya un tren lanzadera, por ejemplo, a Labacolla, eso es increíble a día de hoy, competencia de la Xunta. La movilidad, mejorar la movilidad también y acceso a Alvedro. Tener en cuenta que el Aeropuerto de Alvedro no es el aeropuerto de A Coruña, es el aeropuerto de su área metropolitana, es el aeropuerto de Ferrolterra, de una parte de Lugo, de una gran parte de la Costa da Morte, etcétera. O tenemos claro eso o no sé hacia dónde vamos a avanzar.*

E, efectivamente, de acordo en reclamar todos os investimentos que fagan de Alvedro un aeroporto máis competitivo, pero eu boto en falta a reclamación da transferencia de todas as competencias porque unha cousa é —e o dixo algunha vez o señor Jorquera— que algo sexa ou non da súa competencia e que sexa da súa incumbencia. Efectivamente, o Goberno galego ten a responsabilidade de traballar na coordinación aeroportuaria e o Goberno galego ten tamén a responsabilidade de reclamar a transferencia formal, administrativa, xurídica, das competencias de coordinación en materia aeroportuaria. Non creo que sexa lóxico nin normal que asista como un espectador a que se estea a traballar na transferencia desas competencias a Euskadi cunha realidade que ten semellanzas **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** coa nosa comunidade, con tres aeroportos, e que asistan impasibles a iso.

Eu creo que máis que propoñer que o Concello da Coruña asuma competencias que non son súas, ó mellor o que deberían é de propoñer aquí que a Xunta..., instar a Xunta de Galiza a que, a que, efectivamente, reclame a transferencia das competencias en materia de coordinación aeroportuaria, as que non ten, que algunhas ten, as que non ten. Creo que sería moito máis responsable coa nosa cidade **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**.

**Presidencia**

Quedou claro. Moitas grazas, señor Castro.

Ben, imos coas votacións, serán tres. A primeira... Bueno, serán tres de non prosperar a primeira. A primeira é a da emenda presentada polo Grupo Popular á

*Y, efectivamente, de acuerdo en reclamar todas las inversiones que hagan de Alvedro un aeropuerto más competitivo, pero yo echo en falta la reclamación de la transferencia de todas las competencias porque una cosa es —y lo dijo alguna vez el señor Jorquera— que algo sea o no de su competencia y que sea de su incumbencia. Efectivamente, el Gobierno gallego tiene la responsabilidad de trabajar en la coordinación aeroportuaria y el Gobierno gallego tiene también la responsabilidad de reclamar la transferencia formal, administrativa, jurídica, de las competencias de coordinación en materia aeroportuaria. No creo que sea lógico ni normal que asista como un espectador a que se esté trabajando en la transferencia de esas competencias a Euskadi con una realidad que tiene semejanzas* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *con nuestra comunidad, con tres aeropuertos, y que asistan impasibles a eso.*

*Yo creo que más que proponer que el Ayuntamiento de A Coruña asuma competencias que no son suyas, a lo mejor lo que deberían es proponer aquí que la Xunta..., instar a la Xunta de Galicia a que, a que, efectivamente, reclame la transferencia de las competencias en materia de coordinación aeroportuaria, las que no tiene, que algunas tiene, las que no tiene. Creo que sería mucho más responsable con nuestra ciudad* ***(se oyen dos señales acústicas indicativos de la finalización del tiempo de intervención)****.*

***Presidencia***

*Quedó claro. Muchas gracias, señor Castro.*

*Bien, vamos con las votaciones, serán tres. La primera... Bueno, serán tres de no prosperar la primera. La primera es la de la enmienda presentada por el Grupo*

moción do BNG.

Popular a la moción del BNG.

**Votación da emenda do Grupo municipal do Partido Popular á primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

***Votación de la enmienda del Grupo municipal del Partido Popular a la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular á primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Concello da Coruña de cara ás negociacións no Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galiza, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda presentada por el Grupo municipal del Partido Popular a la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre la posición del Ayuntamiento de A Coruña de cara a las negociaciones en el Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galicia, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos)*

Vota en contra o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

*Vota en contra el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

Vota en contra o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

*Vota en contra el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

**Presidencia**

***Presidencia***

Queda rexeitada.

*Queda rechazada.*

**Votación da primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

***Votación de la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Concello da Coruña de cara ás negociacións no Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galiza, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre la posición del Ayuntamiento de A Coruña de cara a las negociaciones en el Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galicia, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota en contra o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos)

*Vota en contra el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

**Presidencia**

Queda aprobada.

***Presidencia***

*Queda aprobada.*

**56. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á posición do Concello da Coruña de cara ás negociacións no Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galiza**

***56. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego relativa a la posición del Ayuntamiento de A Coruña de cara a las negociaciones en el Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galicia***

**Acordo**

1. Instar o Goberno municipal a crear unha comisión informativa para dar conta das propostas defendidas na comisión de coordinación aeroportuaria de Galiza.

2. Trasladar á Xunta de Galiza que é posición do Pleno da Corporación do Concello da Coruña:

- Que debe ser o Goberno autonómico, e non os concellos, quen asuma os contratos de promoción turística coas aeroliñas que permiten o establecemento de novas rutas nos aeroportos.

- Que o reparto de fondos debe ser equitativo, levando a cabo un estudo previo das necesidades de servizo e das potencialidades de crecemento de cada un dos aeroportos galegos, pero tamén escoitando ao tecido institucional, empresarial, turístico, académico e da industria MICE, tendo en conta, ademais, a necesidade de garantir a conexión con cidades do Estado e países en que existan comunidades galegas no exterior.

- Que debe existir unha coordinación real da política aeroportuaria galega, dirixida a garantir un servizo máis eficiente e un mellor mapa de rutas.

***Acuerdo***

*1. Instar al Gobierno municipal a crear una comisión informativa para dar cuenta de las propuestas defendidas en la comisión de coordinación aeroportuaria de Galicia.*

*2. Trasladar a la Xunta de Galicia que es posición del Pleno de la Corporación del Ayuntamiento de A Coruña:*

*- Que debe ser el Gobierno autonómico, y no los ayuntamientos, quien asuma los contratos de promoción turística con las aerolíneas que permiten el establecimiento de nuevas rutas en los aeropuertos.*

*- Que el reparto de fondos debe ser equitativo, llevando a cabo un estudio previo de las necesidades de servicio y de las potencialidades de crecimiento de cada uno de los aeropuertos gallegos, pero también escuchando al tejido institucional, empresarial, turístico, académico y de la industria MICE, teniendo en cuenta, además, la necesidad de garantizar la conexión con ciudades del Estado y países en que existan comunidades gallegas en el exterior.*

*- Que debe existir una coordinación real de la política aeroportuaria gallega, dirigida a garantizar un servicio más eficiente y un mejor mapa de rutas.*

- Que é urxente mellorar a conexión entre as cidades de Lugo e Ferrol e o Aeroporto de Alvedro.

*- Que es urgente mejorar la conexión entre las ciudades de Lugo y Ferrol y el Aeropuerto de Alvedro.*

3. Instar o Goberno central a prestar o apoio necesario ás institucións galegas para facer efectiva a coordinación, e a que AENA realice os investimentos necesarios para que os aeroportos galegos optimicen a súa oferta de rutas.

*3. Instar al Gobierno central a prestar el apoyo necesario a las instituciones gallegas para hacer efectiva la coordinación, y a que AENA realice las inversiones necesarias para que los aeropuertos gallegos optimicen su oferta de rutas.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Votos a favor da moción do Partido Popular.

*Votos a favor de la moción del Partido Popular.*

**Votación da segunda moción do Grupo municipal do Partido Popular**

***Votación de la segunda moción del Grupo municipal del Partido Popular***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, relativa a Alvedro, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular, relativa a Alvedro, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade.

*Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

**57. Moción do Grupo municipal do Partido Popular relativa a Alvedro.**

***57. Moción el Grupo municipal del Partido Popular relativa a Alvedro.***

**Acordo**

***Acuerdo***

1. Esixir o Goberno municipal e o Consorcio de Turismo que liciten os contratos de promoción destinados ás

*1. Exigir al Gobierno municipal y al Consorcio de Turismo que liciten los contratos de promoción destinados a las*

liñas aéreas.

